ATENEA


ATENEO ARTISTICO
CIENTIFICO LITERARIO
DE FERROL


ATENEO ARTISTICO
CIENTIFICO LITERARIO
DE FERROL

46



Foto: Xoán Porto

ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN
Nº 46
Outono 2020

Edita
ATENEO FERROLÁN


Redacción e administración
Rúa Magdalena, 202-204
FERROL
981 35 79 70
www.ateneoferrolan.org

Entrevistas e coordinación
SONIA MAURIZ PEREIRA

Deseño e maquetación
FERNANDO RIVERA GARCÍA

ISSN
1575-9679
Depósito legal
C-1937-1999

contido





Saúdavos a nova revista ATENEO DIXIT,

OLA!!

Despois de un longo período sen editala, a Xunta Directiva, estimamos que deberíamos facer un esforzo en retomar o contacto directo cos socios e socias para recoñecerlles que a súa fidelidade é a que permite esta edición e que este formato dixital pode converterse nese nexo, tan necesario.

Si ben é certo que este formato adquire outra dimensión o certo é que sen socios e socias non habería esta revista, grazas.

Estamos nestes momentos a atravesar un período complicado pola COVID-19, pero esta circunstancia, sendo grave, non debe impedirnos analizar a realidade do que está a pasar ao noso redor, no mundo, as súas transformacións, algunhas delas impensábeis hai poucos anos, hoxe a tecnoloxía permítenos interactuar en tempo real con persoas ou institucións públicas ou privadas en calquera lugar no mundo, este feito relevante e transcendental por si mesmo, non é nada fútil, tamén expón a nosa identidade, invade a nosa privacidade ata límites impensábeis.

Pero é o mundo, apaixonante, tamén perigoso, temos que aprender constantemente como sortear ou filtrar as falsas novas, a desinformación, as manipulacións informativas, e unha infinidade de perigos pero todos estes feitos superarémolos, acoutarémolos, e faremos que a tecnoloxía sexa un instrumento de progreso social e cultural.

Neste contexto, o Ateneo Ferrolán quere interactuar, somos unha importante entidade cultural que foi quen de superar os innumerábeis ataques para reducir a súa incidencia ou incluso forzar a súa desaparición, non o lograron, agora con esa etapa superada, queremos abrir novos espazos, novas posibilidades de traballar pola Cultura en Ferrol, de colaborar con outras entidades, de abrir mais espazos no eido da política cultural municipal, no ámbito comarcal, estamos ben posicionados, restablecemos a colaboración ca Deputación da Coruña, Xunta de Galicia e Concello de Ferrol.

Noutro orde de cousas cabe sinalar que aínda temos pendente de resolver os problemas do patrimonio e outras importantes carencias que ten o local, todos eles atrapados na burocracia municipal que só ten que aplicar os acordos plenarios de fai máis dun ano pero non deixaremos de insistir ca esperanza de que máis pronto que tarde se resolvan.

Por outra banda, sinalar, que a cultura necesita compromiso, orzamentos adecuados, seguridade xurídica, plans de actuación plurianuais, definición de obxectivos en escala, identificación de actividades prioritarias, plan de apoio e potenciación das entidades e artistas locais, etc, no futuro próximo falaremos de todo isto.

Débese preparar o futuro, sendo importante todo este mundo dixital, as reunións por videoconferencia, as emisións en streaming, as consultas on line a biblioteca, etc. non debe facernos esquecer que a Cultura precisa de que os artistas, actores, nas súas interpretacións poidan interactuar co público, ca súa risa, cos seus silencios, cas súas expresións, co barullo ao rematar as actuacións, sentir a complicidade, identificarse, en definitiva facer cultura.

Estamos vivos, somos o Ateneo Ferrolán, somos cultura, estamos.

Despois do confinamento tan duro do primeiro trimestre do ano e superado o verán, retomamos a actividade con ilusión para rematar o ano cunha morea de actividades que nos permitise "salvar culturalmente o ano" para o cal retomamos:

Martes de Cine

Mostra de Curtametraxes

Bono Solidario mediante o sorteo de tres obras pictóricas nun acto musical e festivo

Xornadas de documentais en galego

Concepcion Arenal, exposición de paneis e reedición do libro de Matías Usero

Club de Lectura

Xornadas de Documentación

Presentación de libros de Isaac Díaz Pardo e Mª Xosé Porteiro

"Librepensadora Heterodoxa, liberal, hereje". Presentación dun libro por parte de Consello da Cultura de Galicia

Escola de Teatro

Xornadas da Gaita "Anton Varela 'Tonecho'"

Exposición Premio Fotografía "Luis Kasado" – Deputación da Coruña

Carvalho Calero, campaña con conferencias, actos orixinais, etc, xunto a Ferrol Antiga e Fundaçom Artábria, pola declaración BIC da casa natal de Carvalho Calero na rúa S. Francisco así como reiterar a petición de que o ano 2021 sexa novamente o ano de Carvalho Calero

Estes temas de especial transcendencia teñen o obxectivo de continuar na preparación do Ateneo para afrontar a etapa Post-COVID que esperamos sexa nos prazos que se nos están anunciando para o primeiro semestre de 2021.

Agora mesmo os aforamentos, as recomendacións e normativa existente nos obrigan a actuar con cautela, seguramente algunhas das actividades que non podemos realizar as poderemos retomar.

Ánimo e adiante

CLUBE DE LECTURA

faladoiro literario dirixido por **Ánxeles Seoane**

O Clube de lectura leva xa 18 anos con nós sendo unha das actividades máis seguidas da institución. Maxistralmente levada por Ánxeles Seoane, que tivo amabilidade de contarnos á súa experiencia ao cargo, aproveitamos para falar tamén de libros. Nunca se fala o suficiente de literatura e esta actividade, encadrada os martes primeiros de cada mes, convida, a calquera interesado en atopar un lugar acolledor, a compartir lecturas no ateneo, un lugar de cultura aberto á cidade.



O Clube de lectura é xa unha das actividades senlleiras do Ateneo, leva en marcha dende o 2002 e conta agora con 20 membros. Pódese considerar isto síntoma de boa saúde no gusto pola lectura na nosa cidade?

A pesares de que tivemos 35 solicitudes para o presente Curso, só puidemos admitir presencialmente a 20 lectoras, por mor dos protocolos do Covid-19. Se cambiase a situación, poderíamos admitir á totalidade das solicitantes. Obviamente isto esixiría un cambio na infraestrutura da nosa faladoiro.
A nosa cidade sempre tivo sona de ser amante dos libros e da boa literatura. Non esquezamos que vivimos nunha cidade ilustrada.

Quen le máis, homes ou mulleres?

Non podería ser rigorosa. Se xulgamos polo número de asistentes ao Club, son maioría esmagadora as mulleres. Nos 18 anos de existencia do Club, por vinte mulleres que viñan con asiduidade só tivemos dous homes, e só durante tres cursos académicos. Pode que os homes lean tanto ou máis que as mulleres, pero socializan moito menos e participan menos en actividades regradas (conferencias, concertos, exposicións, presentacións, clubs, ...).

Como se escollen as lecturas? Hai peticións?

Non temos un único sistema de elección. Depende. Ás veces, é conxuntural por efemérides do momento: Cincuentenarios, Centenarios de nacemento ou de pasamento, premios, homenaxes, Letras Galegas, ...etc. Outras, por suxestión das lectoras ou por proposta miña. De cando en vez recorremos ao asesoramento de colaboradores.

Que xénero ten máis aceptación?

Por comodidade lectora o xénero máis demandado é a Narrativa (novela, relato, romances, ensaio). Aínda que non descoidamos a Poesía e o Teatro. Tivemos cursos de prestar atención especial á Dramática con estudos monográficos sobre Antonio Buero Vallejo e Ramón Mª del Valle-Inclán, e outros especialmente adicados ás novas xeracións líricas e poetas clásicos.

Escóllense lecturas en castelán e en galego?

Lemos indistintamente segundo xurda polas suxestións xerais. Ao longo dun curso lemos tanto literatura castelá como hispanoamericana, galega ou grandes fitos da literatura universal (autores rusos, ingleses, belgas, xaponeses, austríacos, nixerianos, portugueses, … segundo cadre). Recorremos sempre a boas traducións.

Lese o mesmo a escritoras que escritores? É un bo intre para as autoras?

Cada vez están máis presentes porque cada día é máis abraiante o número de mulleres creadoras na literatura. Levamos lido até agora vinte e dúas autoras, entre outras, a Soledad Puértolas, Yoko Ogawa, Luz Pozo Garza, Julia Uceda, Marina Mayoral, Josefina Aldecoa, Rosalía de Castro, E.Pardo Bazán, Concepción Arenal, Ana Mª Matute, Chimamanda Ngozi, Laetitia Colombani, Donatella Di Pietrantonio, Muriel Barbery, Siri Hustvedt, etc. O momento actual é das donas.

Que libro estades a ler agora?

Temos pendente de comentario "Señora de rojo sobre fondo gris", de Miguel Delibes, que quedou adiada por mor do Covid-19.
Eu persoalmente estou a traballar na novela "Sándalo" de Mª Xosé Porteiro, cuxa presentación literaria ía ter lugar o pasado 11 de novembro no Ateneo Ferrolán, e que desgraciadamente quedou aprazada sine die pola mesma circunstancia.

Unha obra que gustara especialmente nestes anos de lectura compartida?


Non me é doado citar unha soa obra. Ao longo destes 18 anos tería que citar polo menos vinte obras, tantas como gustos individuais teñen as miñas contumelias. Lembro a emoción que causaron "El hereje de Delibes", "Cuentos de Cortázar", el "Romancero gitano" de Lorca, "El llano en llamas" de Rulfo, e recentemente, "Lluvia fina" de Luis Landero, sen esquecer a fortísima pegada que deixaron en todas nós as narradoras de última xeración.

AUDIOVISUAIS

DOCUMENTAIS

CURTAMETRAXES

MARTES DE CINE







Falamos con Ana Pernas

Unha das actividades con máis fieis asistentes son os Martes de Cine, as 19 horas, actividade ao cargo de Ana Pernas. É de sinalar que esta actividade, como todas, é gratuíta e, en tempos sen Covid, cun grande aforo. As veces asociacións e organizacións solicitan organizar un ciclo de temática propia. Como se ve, a institución conta con recursos para diversas actividades culturais abertas á cidadanía ferrolán, tanto como organizadores como asistentes.

Hai anos que o Martes de Cine é unha actividade consolidada do Ateneo. Ten éxito? Viuse afectada pola Covid?

Os Martes de Cine están asentados nas nosas actividades culturais. Levamos moitos anos programando Ciclos de Cine continuos e sempre, como día de referencia, os martes, obtendo boa participación de público. Temos que ter en conta que nesta etapa, a máis longa do Ateneo Ferrolán, foron membros do Cine Club Ferrolterra quen impulsaron a nosa refundación aló polo 1976.

Como se escollen as películas? Hai peticións dos asistentes ou de asociacións?

Escóllense os ciclos segundo vaian xurdindo, tanto por parte da Xunta Directiva como dos propios traballadores do Ateneo. De haber algunha conmemoración importante no ano, faise un ciclo sobre o personaxe ou tema relacionado. Valoramos e temos en conta a opinión dos diferentes colectivos ou do público en xeral.

Proxéctase cine galego ou en galego?

Por suposto. Dende o Ateneo apostamos por impulsar e dar visibilidade ao traballo audiovisual feito en Galiza ou por cineastas galegos e galegas. Estamos en estreita colaboración co CGAI que facilítanos poder programar Ciclos de Cine en Galego. Cabe destacar a nosa Mostra de Documentais en Galego que programamos anualmente no mes de marzo dende o ano 2011, así como, a Mostra de Curtametraxes no mes de decembro que organizamos dende o ano 2001.

Estaba previsto un Ciclo de "Cine Feito por Mulleres" para este novembro adiado pola situación. E este un bo intre para as mulleres no cine?

Hai dous anos levouse a cabo un ciclo de temática feminista, coincidindo có 8M, a cargo do grupo de traballo de Galegas 8M Ferrolterra. Foi unha actividade de moito éxito e as asistentes participaron moi activamente no debate posterior. Sen dúbida unha actividade gratificante. Este ano pediuse a sala para proxectar Cine feito por Mulleres a proposta de Sonia Mauriz da Directiva do Ateneo e coa colaboración de Chelo Carballal, cinéfila empedernida.

As actividades e recursos do Ateneo son gratuítos, mais pensas que na cidade sábese deles?

Informamos puntualmente das actividades aos nosos socios e socias a través de email, aos medios de comunicación e ao diverso tecido asociativo que hai en Ferrolterra. Movémonos polas redes sociais a través de Facebook ou Twitter e difundimos tamén na nosa paxina web. Nalgunhas ocasións coincidimos en programar actividades no mesmo día con outras asociacións culturais e mesmo co Concello que pode diminuír a afluencia de público pero non ten porqué ser negativo, pensamos que a pluralidade cultural tamén enriquece a nosa cidade.

Algunha película ou ciclo que gustara especialmente aos asistentes?

Normalmente temos unha media de asistencia do 30% do aforo da sala, os ciclos clásicos ou de comedia sempre gustan, a xente quere deixar os problemas fora.

Recomendasnos algunha película?

Hai moitas sobre todo cine europeo ou galego, pero non podo dicir outra nesta entrevista que "Cinema Paradiso.

A política do Ateneo é de portas abertas

@biblioateneo

Fálanos **Fernando Rivera** Fotos: **Xoán Porto**

O día a día resulta gratificante –no profesional e no persoal – comprobar como é posible espertar en persoas de todas as idades o interese e a ilusión polo descubrimento que nace do estudo de obxectos aparentemente inanimados como son os libros; ou como, desde os exemplares periódicos da nosa Hemeroteca, xorden historias que levan decenas de anos agardando a que alguén conecte a información que conteñen para transformalas en algo útil e belo para a vida diaria das persoas, aquí e agora en pleno século XXI.



As nosas coleccións son o reflexo do devir histórico do Ateneo Ferrolán como entidade, e da cidade en xeral. Gonzalo Torrente Ballester dicía sobre a súa cidade natal que é *"unha cidade lóxica situada nunha terra máxica".* Ferrol foi creada a mediados do século XVIII practicamente desde a nada para erixir os Reais Arsenais da Armada seguindo os ideais de racionalidade da Ilustración. Esta inxente realización atraeu a miles de persoas, chegando a ser a primeira cidade de Galicia en número de habitantes no último terzo do XVIII.

Desde entón ata hoxe a cidade está suxeita e acusa especialmente as vicisitudes históricas de Galicia e España, pola súa forte dependencia das políticas estatais cos seus núcleos de decisión a centos de quilómetros, acentuando os efectos das cíclicas crises sociais e económicas. No seo da sociedade local, altamente estamental, creceron os ideais conservadores e liberais; e tamén o movemento obreiro, xa que Ferrol era unha illa industrial nunha Galicia que foi practicamente allea á revolución das máquinas.

Neste contexto, e a partir da segunda metade do século XIX desenvolvéronse, de forma febril, as primeiras manifestacións do xornalismo impreso. A cidade foi berce de numerosas cabeceiras, moitas delas de carácter efémero que apenas superaron o primeiro número, outras aínda perviven, aínda que lle fosen amputadas á cidade, como o diario "El Correo Gallego". Esta cabeceira, nacida en Ferrol,
foi trasladada a Santiago de Compostela en plena guerra civil. Todas estas cabeceiras son como instantáneas mecanoscritas da historia, fiel reflexo dun momento da cidade. Na Hemeroteca do Ateneo conservamos exemplares de gran interese –moitos deles únicos– da prensa local dos séculos XIX e XX.





O proceso de dixitalización

En 1983 creouse o servizo de hemeroteca. Desde 1996 a biblioteca quedou integrada na rede de bibliotecas de Galicia e, en 2008, a Xunta de Galicia outorgoulle a consideración de *Biblioteca de titularidade privada de especial interese para Galicia*, pola importancia dos seus fondos hemerográficos.

Fiando neste tema, hai tempo que a Hemeroteca emprendeu o proceso de dixitalización.



No Ateneo desenvolvemos un proxecto para recuperar, dixitalizar e poñer en valor a maior parte do noso fondo de prensa local histórica. Para iso contamos co inestimable apoio económico da Fundación Barrié. Trátase de exemplares de prensa, en moitos casos únicos e de gran valor histórico e social. Son, principalmente, cabeceiras de prensa editadas en Ferrol a finais do século XIX ou comezos do XX. A nosa colección dixital nútrese das copias dixitais procedentes deste proxecto, dispoñibles para consulta; así como coleccións dixitais externas recibidas por varias vías como a doazón ou adquisición de coleccións de prensa histórica en CD-ROM, etc.

O fin último desta dixitalización é a consulta do contido da colección de prensa histórica a través de internet. É un proceso que xa iniciamos no seu momento con sucesivos xestores de contidos que non se adecuaban ás nosas necesidades. Neste punto creo que é importante compartir a aprendizaxe que obtivemos: hai que dedicar máis tempo á fase de análise, subordinando a ela a implantación de solucións de software que, en principio, parecen moi atractivas e alcanzables, pero que na práctica consomen un tempo e uns recursos técnicos moi por encima das vantaxes que poidan presentar a priori. Actualmente apostamos por Internet Archive, unha iniciativa centrada na preservación e o acceso á cultura dixital.

Alentada, entre outras bibliotecas e repositorios do mundo, pola Biblioteca do Congreso dos Estados Unidos, a Biblioteca Nacional, JSTOR, Arxiv, etc., institucións de referencia no ámbito arquivístico, bibliotecario e documental. O noso obxectivo é crear un catálogo para compartir libre e abertamente cós usuarios (Repositorio do Ateneo Ferrolán)

“Agradecer a todas as persoas, socios e socias do Ateneo, que contribúen e esfórzanse en manter aberto este faro da cultura, porque nos tempos que corren é algo case heroico”

Futuro e retos

O lema do Ateneo Ferrolán é “Un lugar para a cultura”. Aproveitar para agradecer a todas as persoas, socios e socias do Ateneo, que contribúen e esfórzanse en manter aberto este faro da cultura, porque nos tempos que corren é algo de clase heroico.

En canto ao futuro da biblioteca-hemeroteca, hai que ver as cousas sempre con optimismo, pero sen perder de vista o horizonte. Neste sentido, unha das cuestións perentorias é resolver o asunto do traslado dos fondos bibliográficos que permanecen fóra da entidade, por mor da problemática xurdida durante o desenvolvemento das obras de rehabilitación da sede do Ateneo, un edificio histórico do século XVIII, legado polo benfeitor Pedro Carvajal ao Concello de Ferrol.

Ademais do problema sobrevido cos fondos, a obra municipal pretendía acabar con moitos dos problemas históricos da biblioteca, situada na terceira planta e bautizada co nome da insigne oceanógrafa ferrolá Ángeles Alvariño.

Desgraciadamente, a día de hoxe, aínda que boa parte das problemáticas como as copiosas pingueiras fóronse liquidando coa nova cuberta, e mellorouse o espazo útil para depósito de fondos, dotándose tamén dun acceso adaptado con ascensor, imprescindible para prestar o servizo de forma adecuada; o proxecto arquitectónico tamén provocou novos problemas, como o deseño de superficies desniveladas, disfuncionais para a súa utilización; e deixou sen liquidar ou agravou outros, como o deseño da iluminación natural e artificial dos espazos ou o control das condicións ambientais nas salas. Nalgún momento, bibliotecarios e arquitectos deberiamos sentarnos a falar.

Os retos nun centro como este non son moi distintos aos que afronta a profesión en xeral: orzamentos moi axustados pola conxuntura económica xeral que obrigan ao profesional para multiplicarse; desde a utilización e captación de recursos materiais, ata o desenvolvemento de todo tipo de tarefas que esixen a aplicación de coñecementos de distintas disciplinas (mantemento de sistemas informáticos, comunicación pública, colaboración coa acción cultural da entidade, atención ao público, organización de exposicións, xornadas, edición de publicacións, difusión de actividades...) e todo iso nun horario exiguo.

En resumo, o traballo nun centro cunha personalidade cultural tan acusada como o Ateneo Ferrolán transcende o laboral e a implicación persoal é inevitable. A tarefa é tan esgotadora como enriquecedora.


“Un lugar para a cultura”

PLAMEN DIPCHIKOV



¡OJO CON EL PEAJERO!

Plamen Dipchikov,
entrevista ou clase maxistral ?

Falamos con **Plamen Dipchikov**

A Escola de Teatro é outra das actividades que oferta o Ateneo de mans do Director Teatral Plamen Dipchikov, persoeiro que daría para escribir novelas históricas e tratados de arte. Cun acento que a nós pódenos evocar ao Doutor Zhivago, fala cunha paixón e coñecemento da arte e do fenómeno teatral que deixounos aos catro alí presentes fincados na cadeira escoitando coa máxima atención. E eu aledeime de estar a gravar, quedan gardadas todas as súas verbas.


> **“Coidado, por debaixo de cada ponte hai un peaxeiro ”**




Autor: Plamen Dipchikov

Como acaba un búlgaro en Ferrol , a punta máis Noroeste da Península? A historia é longa. Saín de Bulgaria aos dezanove anos. Non é antonte. Precisamente para ir a San Petesburgo, entón Leningrado, en Rusia para estudar. No ano 78 entrara na Academia Búlgara de Teatro e Cine para estudar Dirección de Teatro, despois do primeiro ano había unha elección de dous estudantes, un para a especialidade de Teatroloxía, que logo saen como críticos de teatro e o outro fun eu como director de teatro para ir estudar cunha beca desde a Dirección do Ministerio de Educación e cultura porque isto era cousa de Estado. Todos os estudantes estabamos baixo a batuta do Ministerio, onde te dirixen eles e deciden onde ti podes ir a estudar.

Logo volvín para rematar o empezado e máis tarde comecei a traballar no ano 81 . O primeiro traballo en teatro profesional foi como director, malia que non rematara de todo, pero a miña profesora catedrática e doutora díxome que non tiña máis que facer na Academia, que tiña que comezar a traballar xa, e envioume para facer un traballo como "prácticas", como estudo pero nun teatro. E así fixen.


Autor: Plamen Dipchikov



Autor: Plamen Dipchikov

Ao ano seguinte xa rematei todo e comecei a traballar como director en Teatros Estatais, a historia é que en Bulgaria aínda era así, os teatros eran estatais, tiñan moita educación e practicamente todo o que precisaran; edifico, unha equipa de traballo, actores, dous ou tres directores, escenógrafos, músicos, técnicos para o obradoiro… que forman parte do Ministerio de Cultura. A cada 30, 40 ou 70 km de distancia, entre cidade e cidade, cada unha tiña o seu propio teatro.

Por que? Porque a distribución de teatros alí e naquela época era oposta, non só diferente a como sucede en España. Aquí a compañía busca ao público, é dicir, eu podo traballar en Ferrol pero o meu público potencial é por todo o estado e eu procuro. Viaxo para ir a atopalo e en Bulgaria e países do Este, (Rusia, Polonia, Checoslovaquia (entón), Hungría...) é ao revés, o público busca ao teatro, é dicir , o publico diríxese a onde está o teatro.
Se é nunha distancia moi longa asegúranse autocares que levan ao público e xa está. Fanse dúas ou tres xiras pequenas simbólicas, por dicir que o teatro fixo unha xira en pobos lonxanos pero, basicamente, trabállase no lugar e fanse moitas producións ao ano; seis, sete ou oito, nunha tempada empezando desde setembro á maio .

Cando rematei a Academia o Ministerio asignoume como director noutra cidade porque nós, cando estudamos, non pagamos nada, incluso recibimos becas e todo, pero logo temos a obriga de traballar aí onde nos di o Ministerio, durante dous anos
Tampouco che mandan a onde ti non queiras, previamente tes contactos có director. Tes claro onde vas ir. Faise unha promoción, veñen nun día todos os directores de todo o país e diríxense a varias aulas onde están os actores, directores..., hai negociacións. Se aínda non o tes claro "atácanche", tentan convencerte... porque todo o mundo precisa actores e directores novos para seguir adiante.

A calidade do traballo aí era o punto máis forte e por iso cada teatro, para recibir máis apoio económico, precisaba máis éxito e cada director tiña interese en acadar xente. Traballábase ben , era unha boa atmosfera por todas partes.

Logo comecei cós meus espectáculos en moitos países como Alemaña, Polonia, Rusia... para xiras e, nun intre no ano 86..., xa estaba como Director Xerente dun teatro estatal, pero logo mudou a situación sociocultural en Bulgaria, comezaron os cambios democráticos, caeu o Réxime Antigo, comezaron movementos non moi agradables para a xente da cultura, porque o primeiro que se esquece é a cultura, comezaron loitas políticas internas, externas... a xente andaba despistada, comezaron a pechar teatros, perdeuse en moi pouco tempo todo o sistema, e colapsou cando estaba a funcionar moi ben .

Entón eu collín a miña familia, ademais coa miña muller somos tándem creativo, ela é escenógrafa eu director, collemos ao fillo, as maletas e fomos para Alemaña. Alí traballei nunha empresa de produción de televisión e logo nun dos teatros máis importantes en Munich. É un teatro dun tamaño descomunal, ten tres espazos escénicos e un colectivo enorme, a xente case non se coñecen. É un teatro máis antigo que o Xofre e cando os ingleses bombardearon Munich os traballadores desmontaron todo, metérono nun agocho e cando rematou sacaron a as pezas unha por unha e montaron de novo. Agora o teatro é tal e como era antes, cós seus palcos, o pan douro... Moi interesante.

Alí fanse cousas mais clásicas. O escenario principal e moi grande, ten o xiro automático máis grande de Europa e ademais o máis silencioso, cando estás na butaca mirando e comeza a xirar todo iso, non sabes se xiras ti ou o escenario. É impactante.


Facíanse ata 14 producións ao ano. É unha máquina de produción pero temos que ter en conta que recibían apoio non só de Munich senón tamén de toda a Bavaria e de BMW. Cada butaca, ao día, recibía uns 87 ou 90 €, imaxínate, só de BMW. Así que a base do apoio, da creatividade e da organización tiñan unha enorme produción.

Logo volvín un curto tempo a Bulgaria, traballei nunha TV local con emisión estatal. Fixen un concurso propio relacionado coa publicidade, porque en Alemaña tamén estudei Marketing e Publicidade, así combinando coa creación teatral , creei este concurso con produción e concepto propios e a vendín á televisión.

E xa logo vin para España, a Puerto de Santa María (Cádiz) no ano 2000, primeiro en Tarifa, o lugar máis tolo do mundo. É un punto onde se atopan dúas augas Mediterráneo e Atlántico, dous continentes África e Europa, cando hai un bo día ves as montañas africanas e aí se atopan tamén os dous ventos máis importantes; o poñente e o levante.

Co levante, as veces, méteche area do Sahara por debaixo . Cando espertas pola mañá ¡o Sáhara esta na túa casa!

Logo o noso fillo veu para Compostela estudar medicina e comezou a traballar e, por iso, por razóns familiares, achegámonos. Pero aparte diso tiñamos xa relación profesional cunha compañía de aquí; "Trompicallo". Eu como director e Anne como escenógrafa. E ao vires aquí, no 2014, atopámonos outra vez e volvemos traballar xuntos. Pouquiño a pouco nos mudamos aquí.











Ben acollidos nesta terra ? Pois mira, sinxelo non é pero tampouco é imposible, se tes claro o que queres ao fin o consegues. Porque eu durante quince anos en Andalucía, falando por min , non conseguín tanto como aquí en cinco anos. Por que vin aquí pensando en comezar un festival de monicreques, antes pode que houbera movemento pero ao chegar vimos un baleiro, concretamente de monicreques. Eu durante dous anos perseguía ao concelleiro de Cultura e nin unha vez deume unha cita e logo tralo, cambio político, chegou Ferrol en Común. Esa xente tiña unha idea máis clara de que era o importante para a cidade e para o público, e a idea era facer algo bo para as familias novas. Era un momento triste, a xuventude foise da cidade para buscar traballo e o obxectivo era facer algo para estas familias novas. E ao fin, este ano, é a V edición de "Festea".

Os sábados no Centro Cívico de Caranza e os domingos no Centro Cultural Torrente Ballester? Isto era ata o ano pasado, porque este ano pechouse Caranza por problemas estruturais e de humidades. Así que, a partir de este ano, faise só no teatro Jofre e no Torrente. Agora co parón (polo peche perimetral decretado pola Covid) cancelaronse todas as actividades culturais e paramos tres funcións . Hoxe, por fin, conseguimos ter unhas datas para as tres.

Pódense avanzar estas datas? Si, si , están publicadas na páxina de "Festea". Será unha semana intensa, do xoves 3 ata o domingo 6 (o domingo dobre función). Todas no Torrente e a ultima do domingo as 18:30 no Jofre. Ao só poder entrar 30 persoas non está mal dar un pouco máis de opcións. Porque a xente quere ir. Incluso as nais traballadoras queixábanse de que, cando abre o xoves á billeteira, elas están a traballar e non podían conseguir entradas. Conseguimos que en cinco anos xa haxa unha xeración Festea. Coñecémonos todos; ...un neno me trae da casa o seu monicreque pequeno, ensínamo. Juanito, fai os seus espectáculos na, véndenlles as entradas aos seus pais, ponse de acomodador e fai monicreques... Este era o obxectivo: crear un publico familiar, e ademais que viñera toda a familia, non só a nai cos fillos. Por iso a entrada é libre, porque se hai catro persoas nunha casa, aínda que o prezo da entrada sexa simbólico, supón un esforzo poder vir varios días. E agora ven toda a familia. Sabemos onde se senta cada familia, como vai peiteado o fillo ou como viste a nena. E estamos moi orgullosos do conseguido.

O Concello non valorou en Caranza ofrecer outras opcións como o Auditorio? Porque é un barrio moi esquecido e é unha magoa. Dixéronme do Auditorio pero é un espazo moi grande e fai falla espectáculos cunha escenografía de formato grande e non sempre podes atopalos. E ademais o orzamento é moi baixo e tes que combinar, facer todo o posible para non saírse del e levar as mellores obras que hai. O ano pasado trouxemos a obra "Nube, nube" que o mesmo ano levou o premio de "Fetén (Feria Europea de Artes Escénicas para niños niñas. Xixón 2020). Ou sexa, estamos a ofrecer os mellores espectáculos. Incluso outra obra có premio "Feten" tivémola no Jofre, e como so podían entrar 30 persoas puxémola por streaming . Non son eu moi de dixital . O teatro vaise perder. Agora mesmo empúrrannos a cambiar o formato pero eu ata onde poida resistirei, porque non, non somos música. A música incluso pode soar mellor na casa con tódolos cacharros dixitais que temos, podes ter mellor experiencia auditiva que nun concerto pero o teatro, non é isto.

O teatro é contacto directo, ollo a ollo, fronte a fronte, as miradas. Se iso non existe non hai teatro. Bueno está o teatro televisivo pero é outra cousa, outra pola de eventos. Arte, arte non é. Arte teatral non. Porque cumpre os ítem de televisión; planos máis cércanos, cara, ollos... No escenario é outra cousa, tes outros obxectivos, a "actuación".

"O teatro é contacto directo, ollo a ollo, fronte a fronte, as miradas. Sen iso non existe, non hai teatro"

Agora mesmo cando estamos a estudar aquí coas alumnas eu lles explico que o teatro é "acción" , nada máis: acción verbal, acción mental e acción física. Estes 3 estados de acción mestúranse para que no escenario vexamos unha obra.


Falando das alumnas da Escola de teatro no Ateneo, xa levas uns anos, no ano 2016?
Empezamos antes, por iso digo, vindo aquí, fai cinco anos, hai un festival, unha escola de teatro... isto xa non mo imaxinaba abaixo (Cádiz), ao mellor porque atopei a xente axeitada, tamén é importante o momento, a persoa axeitada, as ideas axeitadas... e así funciona e seguimos adiante.

Como está a ser a experiencia das clases, a xente ten interese? Veñen con ganas? A xente interesase, o máis difícil e acoplar dous conceptos diferentes e llo digo á xente que pasa por aquí, unha cousa e o concepto que eles teñen do que é unha Escola de Teatro; ir, coñecer xente, risas, un pouco de diversión e imos xogar ao teatro. Non, xogar non, facer teatro, ese é o obxectivo.
As que están agora no grupo téñeno moi claro, saben de que vai a cousa, eu lles dixen.....

...“ Vouvos ensinar como se fai teatro profesional , eu non fago diferencias entre afeccionados, alumnos, profesionais...Non, todo o que eu sei vóuvolo ensinar e quero que teñades o mesmo grado non só de interese senón de compromiso como eu. Pode que sexamos unha escola pero imos sacar un produto que vai ter o seu valor moi achegado ao profesional“ e elas enténdeno e o fan moi ben. Estou ilusionado con elas porque vexo que hai pasos adiante, algunha delas fixo teatro pero as demais empezaron de cero e fano moi ben, estou encantado e quero que iso se promocione e atopemos o xeito de que este espectáculo se vexa, porque ademais é moi galego.

Está feito sobre unhas entrevistas anónimas que unha médica alemá fixo nos anos 70-80 en Galiza con moitas mulleres galegas, vai en galego, e trata da vida dunha muller galega que tiña unha vida moi dramática, que de estudante métena oito días e oito noites nun calabozo por participar en asociacións e a partir de entón cambia á súa vida, ten que saír do país, desexa suicidarse, supérao... Esta historia represéntase nun monologo, repartímolo entre catro actrices que cada unha delas representa unha parte da vida. A posta en escena sucede nun tren, como o tren da vida, o mesmo tren, a mesma dirección pero sen decatar que a outra está aquí ao lado, cada unha leva a súa parte e relata a súa franxa temporal.







Fotos: Plamen Dipchivov.
Deseño das marionetas: Ani Petrova

“... Vouvos ensinar como se fai teatro profesional, eu non fago diferencias entre afeccionados, alumnos, profesionais...”

Vaise representar nestas datas? Eu querería antes do Nadal porque planeamos a estrea varias veces pero có confinamento da segunda onda adiouse. A ver se comeza a afrouxar e con moita disciplina podemos facelo no Ateneo, no salón de actos, onde pode repartirse o publico. Entramos na programación do concello de Ferrol en Escena pero está parado, tiñamos tres funcións pedidas en asociacións pero non contan con capacidade de desinfección e cumprir todas as medidas e, ademais, a xente ten respecto.
Sen embargo, eu non quero perder o feito ata agora porque o produto está rematado e agora o estamos consolidando para que se sintan máis seguras, pero nalgún momento teñen que ter o contacto có público e comezar a andar.

Isto de que sexan todo mulleres? Por que? Non o sei, aquí é moi difícil atopar homes que queiran adicarse a isto, veu un chico estudante, pero a xente ten outra idea de que é un obradoiro de teatro. Non hai bases para por unhas normas máis estritas, non é un grupo profesional, pero, o que dicía antes do mesmo grado de compromiso, e é difícil, a xente pasa por aquí e cando ven que as cousas van en serio, que non é un xogo, senón que esixe un esforzo; tes que aprender texto, comportarte con disciplina, é outro tipo de traballo pero a min non me estraña e non me molesta que sexan só catro persoas, se viñeran máis organizaría outro grupo noutras horas para poder traballar con cada un con suficiente tempo.

Houbo homes que viñeron pero empezabamos con esta montaxe só para mulleres e eles sentíanse un pouco ao lado, aínda que lles preparei papeis para eles pero, non sei, ao mellor creen que tiñamos que facer máis cousas dirixidas a eles, que son centro de atención sempre, non sei.
Pero non me queixo porque eu quero atopar as persoas que queiran estar aquí para aprender teatro non por outra cousa.

En Ferrol temos o Jofre, un teatro arraigado na cidade, somos unha cidade de teatro? Non sei como está pensado. Hai dous conceptos, uns din que este teatro é só para cousas profesionais, pertence ao concello e aí tes que meter cousas que o publico veña a ver cousas profesionais e outros que, sendo do concello é de todo o pobo, poden vir calquera tipo de xente a cantar, coros, tocar a guitarra… eu o escoito pero non teño un achegamento nin a un nin a outro. O que propoño é que unha parte da programación de Festea se faga no Jofre pero tamén e certo que e difícil atopar o equilibrio, porque se entra un grupo non podes rexeitar outro, teñen que entrar todos. Pero creo que os grupos afeccionados de teatro e colectivos de música están en asociacións e locais que pertencen ao concello, como Caranza. Cada parte rural ten o seu local social cun bar e un escenario, e creo que, mais ou menos, así se distribúe a celebración de eventos.

Porque se ven unha opera, onde van? Van ao Jofre. Por exemplo, para concertos pequenos o Torrente é un sitio moi bonito, ten unha acústica marabillosa (onde era a capela antes), esa bóveda dáche unha acústica que incluso o micro sóbrache. E é moi acolledor.
Para ser máis concreto coa pregunta, non vexo que o Jofre sexa un sitio para festas de fin de curso, esa e a miña opinión, hai que gardalo para outras ocasións, para que sempre se manteña o respecto do publico, porque o teatro sen respecto non funciona. Se ti sabes que mañá podes saír ti a actuar... xa perdes este afastamento que precisa a obra para para crear un respecto cara o traballo feito.

Cal é a aposta pola cultura en Ferrol? Ou en xeral? Hai unha aposta, invístese? Non é Ferrol a culpable de como se constrúe a vida cultural. A idea de formar parte, institucionalmente, do "ocio e turismo" (Consellería de Cultura e Turismo), nese saco meten a cultura, ese é o problema, porque non facemos ocio, facemos cultura, facemos arte e a arte é unha linguaxe de comunicación, nada máis, un se comunica có seu público; có seu cadro, con cores, con liñas; outro có seu violín; outro coas súas obras escénicas, pero iso é unha linguaxe có cal eu preparo unha mensaxe conceptual e o dou ao publico, sen público non existe o arte. O arte é o xeito de comunicarme pero non con calquera cousa e se isto o metemos no turismo e ocio, mal asunto, non chegamos a ningún sitio.

Explícoche, máis ou menos, o que é o teatro. Unha obra teatral non nace e morre no escenario, soamente nace, pero o fenómeno teatral prodúcese na mente de cada un dos espectadores, porque o que nace no escenario tan só é a mensaxe conceptual que se envía a través da linguaxe escénica ao publico. Este entra na sala, ao público coa mente aberta. Mercando a entrada xa abriu un campo mental onde ti podes proxectar a mensaxe conceptual, e esta mensaxe debería ser artisticamente "deformada", non moi formal, senón cunha deformación artística para que provoque á mente receptiva do espectador. O enviado é só parte da verdade, a mente entende que lle faltan pezas, e esta provocación artística, obriga á mesma a "abrir a carpeta" das propias vivencias, os seus afectos emocionais que durante toda a súa vida son almacenados na amígdala e aí, onde se conserva a vida emocional de cada un, todas as partes da imaxe que lle faltan á mente as substitúe, as complementa coas súas propias vivencias, de xeito que o espectador formase a idea, cunha parte de si mesmo. E así, esta proxectase dentro desa pantalla invisible, aberta pola provocación da escena, e complementada por si mesmo, e aí nace a arte e o fenómeno do arte teatral. Cunha mesma función dunha obra teatral existen tantas interpretacións como persoas hai na sala.
E isto é o arte: mandar a túa mensaxe conceptual e deixar que na mente do espectador floreza a esencia da súa mensaxe.

Tivemos un Concelleiro de Cultura que defendía á súa obriga de facer labor pedagóxica dende á súa concellería. Si, é o que hai que facer, é diñeiro publico e ti tes que facer política cultural. Eu sempre o digo, que non fago simplemente unha programación de monicreques, tento facer política cultural, tense un obxectivo e precisa mecanismos para conseguilo por exemplo, o noso obxectivo é formar un publico familiar e o obxectivo secundario formar este publico como un espectador critico. O ano que ven quero organizar un premio "Festea" onde se inclúan varias familias e, dándolles algunhas pautas, valórese un espectáculo para, ao fin, darlle un premio. Pero para iso precisamos un espectador critico, cunha opinión, base, información e o seu propio criterio. Iso é política cultural, que non se quede só como un evento.









Retratos: Ani Petrova



" Unha obra teatral non nace e morre no escenario, soamente nace pero o fenómeno teatral prodúcese na mente de cada un dos espectadores porque o que nace no escenario é soamente a mensaxe conceptual que se envía a través da linguaxe escénica ao publico "



Autor: **Valeri Petrov /** Posta en escena: **Plamen Dipchikov**
Deseño e marionetas: **Ani Petrova**
Produción: Teatro estatal de marionetas, Riga (Letonia) 2012

MARCOS GARCÍA



EN PLENA RESTRICIÓN PERIMETRAL POR MOR DA COVID FOMOS ENTREVISTAR A MARCOS GARCÍA, GAITEIRO E LUTHIER, FILLO DO COÑECIDO LOLETE E HERDEIRO DE

ANTÓN VARELA (TONECHO)

Tiñamos esta conversa falada co motivo das xornadas de gaita que Marcos ía coordinar, mais tiveron pospoñerse polas circunstancias sanitarias. Non por elo quixemos deixar de presentarvos un interesante persoeiro ferrolán e coñecer máis do mundo da gaita. Foi esta unha entrevista coral xa que ao fin, tan distendida foi a charla que, tanto Javier Montero Dongil, presidente do Ateneo, como Fernando, o bibliotecario da institución, fixeron achegas e decidín case que transcribila máis que elaborar un artigo coas declaracións. Hai xente a que é mellor escoitar en directo. Atopámolo en plena faena, no seu obradoiro da rúa Magdalena, sorriso nos ollos (levamos mascara) e mandil de traballador. Ule a ferramentas e madeira, nun local ateigado de foles, roncóns e pandeiretas.

Falamos con **Marcos García** Fotos: **Fernando Rivera**


Recoñézome ignorante do mundo da gaita e buscando información sobre o teu traballo nas redes sorprende que aínda que, entrando de aprendiz aos dezanove anos, non te adicaches primeiramente ao oficio, tiveches outros traballos moi diferentes. Non o deixei porque estivera canso, foi porque non había traballo, fora xusto un ano antes da crise que afectara bastante. A crise afecta a todos moito pero a cultura en particular, e esta é unha profesión que depende moito da cultura entón, naquel momento, quedou moi tocada e por iso o deixei. E, por suposto, non lle ía facer a competencia ao meu mestre. Así que me adiquei a outras cousas eses anos

Tamén lin que fuches o discípulo de Antón Varela, lembro a nova do seu pasamento e ver ao mundo cultural ferrolán de sentido loito. Pero quizais era menos coñecido para xeracións máis novas? Non houbo pulo por este mundo na cidade?

No mundo da gaita era moi coñecido, ao mellor ao non estar neste mundo ou non ser ferrolán, da súa quinta só coñecían os grupos onde el tocaba: "Os Cempés", " Os Raparigos", que si que os coñecía todo o mundo, e el era partícipe e fundador, de "Raparigos" non pero si de Cempés. Non era coñecido particularmente pero si os grupos onde tocaba. Despois si que no mundo da gaita todo o mundo o coñecía.


Botei un ollo á túa web e nela dis que en Ferrol hai moita tradición de gaita, eu non sabía diso. Si, moitísima. Temos aquí ao lado o real Coro "Toxos e Frores", que xa é un punto de partida. Os "Scouts", o grupo, de aí saíron moitísimos gaiteiros nunha época. Do Exército, había grupo de gaiteiros. Entón é unha cidade que sempre estivo vencellada . Date conta que xa antes da República todos os barcos tiñan un gaiteiro, os barcos de guerra refírome.

Antes de vir consultei coas amigas que che preguntarían e a cuestión gañadora foi: hai gaitas para mulleres? Non. E está moi ben tirada por que é certo que lles incomoda a postura. Dependendo da muller, por que hai un estándar de fol que é o que se lle vende ao todo mundo, non? Hai tres tamaños, para cativo, mediano e grande pero non é suficiente, xa os homes teñen moitos problemas de adaptación. Cando un é moi alto hai que facerlle unha peza e as mulleres teñen o mesmo problema polo tamaño do peito e dependendo do ancha que sexa. Pero non hai nada especial para elas, iso é verdade.



Ao mellor a podías deseñar. (Eu a deixo caer) Hahaha…É complexo. (Pero ten xeito pensativo, a ver se deixamos semente mozas). Como soportas algo que tes que apertar debaixo do brazo sen que te afecte ao peito? É moi difícil. Ao mellor ao cambialo de posición acarearía outros problemas derivados, dor de lombo polos cambios de postura, porque o máis cómodo é canto máis arriba mellor.
De feito o invento do barquín das gaitas francesas e irlandesas foi porque as mulleres na corte, cando tocaban a gaita, ao inflar os mofletes esteticamente lles parecía horroroso, entón o inventaron para que non se deformara a cara ao tocar.

Volvendo a ti e a túa carreira, cando o teu mestre che ofreceu ser o seu herdeiro, como o levaches? Non foi un intre de grande responsabilidade? Non dubidaches? A ver, si. Digamos que non foi a maneira que eu querería herdar o obradoiro. Entón foi como unha sensación agridoce. Por suposto que quería vir a traballar aquí, non cabe a menor dúbida. Eu traballaba, tiña un bo traballo porque era patrón dun barco ou sexa, eu estaba ben, estaba cómodo, era o meu xefe aínda que tivera ao armador, pero claro que quería volver pero desde logo non foron as maneiras idóneas. Foi unha sensación agridoce. (Ollos tristes).



E a responsabilidade de facerte cargo? Xa levaba tempo botándolle unha man a el cando caeu enfermo e viña cando podía, porque tiña un traballo, unha familia e unha cativa e viña nos ratos libres para botarlle unha man pero levaba dez anos sen traballar, así que vinme só aquí e, ao principio, con medo, moito medo. A ver se me saía, que non sabía...

Ademais no 2017, que a economía non estaba moi ben xa dende a crise. E agora, como se leva coa Covid? Notouse, non si? E nas clases máis, claro. En todo. As clases, automaticamente, xa quedaron suspendidas e claro, unha cousa leva a outra, entón penso que a crise esta vai ser, incluso, peor que a de 2008, por que aínda queda Covid para rato.

E ti como ves a continuidade? Tes herdeiro? Eu? Aquí?. Non, de momento non. Nunca me exeu coller a alguén.

Non ves a ninguén na xuventude que lle poda interesar o oficio? (Acouta Xabier "O futuro está na filla") A miña filla ha de ser o que ela queira, por suposto que eu quero que sexa gaiteira, e que toque o tambor e veña conmigo a todas partes como ía eu có meu pai pero intento controlarme para non obcecarme e forzar. Ha de ser o que ela queira.

E esta profesión ten futuro? Hai xente interesada? Si, porque esta é unha profesión que vai existir sempre porque gaiteiros vai haber sempre, e mentres os chinos non fagan gaitas.... hahaha! Cos seus altibaixos, por suposto, pero vai haber.

Vas coordinar as Xornadas de Gaita do Ateneo que agora están adiadas pola Covid. Estamos na mesma tesitura, iso me parece moito máis grave que outras crises porque isto te limita absolutamente a todo, a túa vida social, que é importantísima, non somos xente de estar pechados.

Como ves a situación do mundo cultural, da música, do teatro, das sas...? Mal, moi mal. Nos tiñamos pechados este ano 20 concertos pois se cancelaron os 20. E coa previsión de que para o ano sexa igual, porque a vacina non vai a vir, así que ata o próximo outono non conto con que estea activo isto.

É moita perda para todos. Pero para todos, como eu están os demais tamén porque veñen por aquí e falan comigo e é un desastre para todos entón tentar facer algo, como as Xornadas da Gaita, xa non se contempla.

As feiras autóctonas e internacionais canceladas, que total, tampouco se pode saír. (Tempo de peche perimetral). Agora non pero en verán si se podía e as que tiña programadas para facer en Francia. Foron canceladas tamén.


E que tal a gaita galega nas feiras internacionais, ten proxección? Pois ten moito tirón.

Hai moitas diferenzas entre gaitas galegas e gaitas foráneas? Hai moita diversidade, gaitas hai unha, como mínimo, por cada país europeo. E despois en cada pais pode haber unha ou dúas, por exemplo, España ten asturiana, zamorana, sanabresa, catalá, balear, galega, vasca … Francia é o pais de Europa con máis tipos de gaita. Todos os países de Europa teñen algo en común, todos teñen un queixo particular e todos teñen unha gaita particular. (Vivir para aprender)
E a gaita galega certo que ten tirón, moito tirón. A escocesa, a máis famosa, sen embargo en Europa non é a que máis tirón ten, téñeno outro tipo de gaitas, as do centro de Francia e despois a galega, moitísimo.

E a ti cal te gusta máis? (Pregunta parva de todo, xa sei) A galega, vaia pregunta! Hahaha Gústanme outras pero, por suposto, a galega.

E a segunda? Pois eu diría que a escocesa, a scotch Highland.

Pero polo son, a forma, a estética...? É un todo, porque cando eu era pequeno non era como agora, eran todo vinilos e casetes para escoitar algo de música e os primeiros que tiven eu de gaitas, que non eran as de aquí, foron esas. Entón eu penso que, en parte, por aí, pola influenza de cativo. Foi coa que eu me quedei de fóra, despois escoitei de todas pero...



Hai unha influenza tamén cultural a través do cine da gaita escocesa e esa épica.
Si, pero fíxate que no cine cometen un erro moitas veces, cando falan de irlandeses e escoceses poñen o son da gaita polo fondo, non? E sae un irlandés có son da gaita escocesa e sae un escocés có son da gaita irlandesa.

E en Braveheart acerta ou non? (Eu preocupada por unha das miñas escenas favoritas do cine) Falla Hahahaha **(Alá vai outro mito)**.

Hai un apoio institucional a cultura galega e, en particular, coa gaita galega?
Pois vou falar claro. Eu me considero de esquerdas, pero desde que morreu Fraga foi a peor. Falo particularmente da gaita. Dende que morreu Fraga, e foron varios presidentes non foi só un, o mundo da gaita foi a peor, no que estamos falando de axudas, subvencións ...etc.



Fraga sempre ía acompañado de bandas de gaitas. (A min isto de cativa moito me chamaba a atención) Eu, nunhas eleccións, recordo...Fraga facía o que non facía ningún presidente, percorríase absolutamente todos os pobos de Galicia, todos. Pois eu recordo unhas eleccións, non recordo o ano, era pequeno, debía ter 16 ou por aí, pois o seguimos como comitiva durante catro concellos. Entón ía a un concello e íamos detrás, o recibiamos, tocabamos 3 pezas, nos íamos e seguíamos tras el ata o seguinte. E así. Fraga a onde ía levaba gaitas.
E é o curioso, ti ves os vascos e onde hai un evento sempre están os bailaríns vascos no acto e iso é algo que aquí xa non se fai, porque se identificou erroneamente a gaita con Fraga. Cando xuntaba as gaitas no Obradoiro era o mellor que podía facer pola gaita galega.

Politizouse e ademais vese como desprestixio, como cando se chama a TVG a Telegaita. Pero os programas máis vistos da galega saen gaitas! Hahaha O programa Alalá era o segundo programa máis visto, e era exclusivo de música galega.
Fíxate, incluso o segundo programa máis visto foi cancelado. Son cabezóns. O podes escribir eh! **(Meu dito, meu feito)** Porque foi unha vergoña que se politizara.

A relación do clero coa gaita? Depende. Normalmente adoita ser mala. Por que eles non consideran que a música da gaita sexa unha música de clero, solemne. A ignorancia é moi atrevida, tamén podes poñelo. (Faltaría máis) Hai partituras que teñen máis dun século de antigüidade feitas para tocar nas misas e nas igrexas. Isto llo contas a un cura e alucina.

Tocábase nos enterros, non? Eu teño tocado en moitos enterros pero porque o pedía o particular. Pero nas igrexas, onde non había órgano, antes ía un gaiteiro e, sen embargo, hoxe en dia tamén imos tocar a misas e a procesións pero non todos o ven ben porque pensan que, como é relacionado coa festa, parece que é anticristiá e é todo o contrario, as festas veñen polos santos, do patrón correspondente.
Así que depende do cura da parroquia.

E mira antes estabamos a falar que a banda dos "Scouts" de gaitas ía coa procesión e non é un evento alegre. Si pero, sen embargo, antes todas as bandas de cornetas e trompetas tiñan gaitas e duns anos para aquí foron eliminadas.

E sen embargo Infantería segue téndoas. Pero non como antes. A Brilat segue tendo gaitas pero aquí xa en Ferrol non hai, por exemplo,

Eu lembro de nena había nas vodas, xa logo perdeuse ? Recuperase? Nas vodas séguese a tocar pero non na igrexa , sempre fora. Ou xusto ao saír da igrexa ou no convite pero o que é dentro da igrexa é moi difícil porque non todos os curas o permiten.

E vos contratan para as festas das vodas? Si pero xa non tanto como antes. A raíz da crise do 2008, parece mentira, coa gaita cebouse en especial, eu facía no ano igual 20 ou 30 vodas, dende o 2008 fago 3 ou 4 como moito. Mira si cambiou. Claro, a xente axusta onde pode.

"Antes todo era espléndido e iso acabouse"

Con esta sentenza despedímonos de Marcos, foi un pracer e unha ensinanza a conversa aínda que as páxinas fórensenos das mans. Se nos le alguén, cun evento vindeiro, aconsellamos recuperar un instrumento senlleiro da nosa cultura e música, nós agardamos pronto poder celebrar as Xornadas da Gaita en canto a Covid o permita.


Foto: Xoán Porto

Todos temos o noso Lodo.

"De aquellos polvos, estos lodos" (dito popular)






Falamos con **Miguel Castro**

Ilustracións: **Víctor G. Novás**

Con ese sorriso que o caracteriza saúda Miguel cando chego ao Ateneo, sempre tarde porque a min me alongan as rúas, estou convencida. E entre os andeis da biblioteca comeza esta conversa que promete ser interesante con alguén que eu pensaba tiña moi situado, nos movementos sociais e políticos, e vai e sáenos escritor, dunha primeira novela fermosa, moi fermosa, das que rumías moitos días despois de lida e deixas na mesiña de noite no montón de "libros de cabeceira".

Eu de ti sabía como activista social, como político...e agora descúbroche escritor. Como xurde o Miguel escritor? Pois si, sempre estiven en movementos socio políticos, na política pero, por exemplo, o tema de escribir, ademais de que sempre fixen algunha cousa, durante tres anos tiven unha sección no Diario de Ferrol. Era unha folla mensual que falaba de aspectos socioculturais e aquelo foi unha aproximación á escritura, doutra maneira. Tamén durante tres anos estiven a facer radio teatro, escribía con Xosé Torregrosa, fixemos tres obras e aí había un traballo de escritura, claro, que de feito foron presentados no Ateneo. E logo, hai uns tres anos e medio, houbo unha etapa na que deixo a política e unha das cousas que teño claro é que me quero por a escribir narrativa en serio, que o tiña pendente. Estiven aprendendo, con pequenos relatos e seguimos nese punto.



En Lodo atopamos unha historia fermosa pero ademais ten unhas ilustracións moi bonitas e traballadas. A editorial é moi coidada. É un libro xoia. Nos agradecementos nomeas a moita xente, pódese considerar un traballo en equipa? Un cando se pon a escribir unha das cousas a aceptar é a soidade, e decatar que precisas ese tempo para ti. Si que sorprendeume, unha vez escrito e que chegou as mans de Ana e André de Editoriais Imaxinarias, que se interesaron por el e dixeron de publicalo porque senón non o estaría, morrería nun blog… eu xa estaba escribindo outra cousa, e sigo nela. Pero unha vez pasada esa fase si sorprendeume esa parte de equipa, que son as dinámicas as que eu estou acostumado, eu sempre traballo así, nun lado ou noutro e sempre gustoume. O resultado final do libro é un relato curto, que é o que sempre pensei. Para publicalo poderíase alongar pero déronse circunstancias como, por exemplo, que Ana e André envorcáronse con moita paixón e si que creo que quedou moi bonito. Cando o tiven na man si pensei *" Pois é un libro bonito para ter"*, por ese coidado que tiveron eles na edición que foi sempre un traballo conxunto, as decisións tomabámolas entre todos . Logo tiven a sorte de contar con Vítor que, cando lle pasei o texto e chegoume con esas láminas, quedeime alucinado. É un pintor que gústame de sempre, teño tres cadros na casa! Ademais de amigo pensei que podía ir moi ben o punto abstracto que ten para a historia, para que non quedase moi fixado, moi agarrado, para poder imaxinar máis ben. As ilustración son excepcionais. Eu alédome moito, sei que Vítor e unha persoa moi coñecida no seu ámbito pero creo que o está a coñecer moita xente que non o coñecía. Porque é moi bo pintor. No libro están as ilustracións en branco e negro pero nas redes estou movendo os orixinais en cor.

El ademais é moi tímido e non quería que o seu nome aparecerá na portada, pero tiña que estar. Entendeu perfectamente o que quería contar e eu agora relaciono as súas pinturas coa historia. Un traballo en equipa que o fixo todo moi sinxelo, con el e Edicións Imaxinarias.

O libro como produto. Poden ser vendidos como calquera outro produto ou pode que se perda a súa esencia nese camiño? Hai cousas que aínda non sei, cando chega esta proposta, a miña intención primeiro de nada e expoñerme. Cando publicas un libro moita xente di "Joer, agora todo o mundo publica libros". Bueno, primeiro hai que ter valor a expoñerte nun mercado para que te lean, que me aparece moi arriscado e dáme moito medo. E nese punto non te sei responder por que, por exemplo, pensei que "Lodo" só ía gustar a unha parte dun publico moi determinado, dábame esa sensación, máis enfocado á xente da nosa xeración. Pensaba que o publico feminino ía entender mellor a historia e non me estou atopando iso, estoume atopando que gusta. Que hai que facer para que guste ou non a nivel de ventas? Non o sei, o que si que sei é que é un libro coidado e creo que se ten mimo ao final nótase .

O parto foi moi lento pola Covid e, dalgún xeito, case mellor porque houbo mais tempo para mirar cousas. Incluso a ultima hora cambiamos cousas e creo que é interesante para unha vindeira novela pensar que, antes de sacalo, hai que miralo mil veces, coidalo, mimalo… que xa sairá. O di un que é moi fuguillas pero estou ben rodeado. Para vender non teño nin idea.

Tampouco é o teu interese, non? Non, xa che digo, sorprendeume porque me parecía moi complicado sacar nestas circunstancias un libro. Fai tres semanas que o teño e quedan quince exemplares en Ferrol.


Só vendes en Ferrol. Claro, non hai distribuidora, é un proxecto pequeno. Estamos a pensar nunha segunda edición porque nin sequera está na comarca. A miña idea é sacar unha segunda edición e movela máis. Tamén estou nun segundo traballo. Cando hai un ano propoñenme Ana e André editalo eu xa estou noutra novela e vai bastante avanzada, e tamén estou co meu, que eu son mestre non escritor. Asi que, rematarei cando remate, oxalá nun ano, ano e medio. Faime ilusión ver a boa resposta e que estea bastante avanzado o seguinte proxecto, do cal xa levo máis que "Lodo". Para min iso me tranquiliza, me da seguridade. Imaxínate que me dou unha "ostia" con esta novela, que non interesa. Ao mellor te plantexas que hai que facer outra cousa.

Chamoume a atención o teu comentario de que, de non publicarcho, morrería nun blog , non pensaches na auto publicación nunca? Agora que está tan de moda. Ou subila a Amazon? Non, esta non . Esta que estou a escribir si que me gustaría que fose publicada pero de "Lodo" tiña máis dúbidas de si merecía a pena ou non, asi que, durante un mes, o tiven aloxado no blog, co cal teño parado pero, de cando en vez, vou poñendo moitas das cousas que vou facendo: os artigos de Diario de Ferrol… En canto me comentaron de publicar eliminei a entrada e comezou unha revisión porque unha cousa é un blog e outra o papel, muda a visión de todo, hai que traballalo máis .

O titulo é Lodo, ao principio do libro das a definición. E as personaxes Ana e Marco , parecen ter cada un o seu lodo, un segredo e unha vivencia. Pode ser? Si, no principio aparece "Lodo" (sigf.: Mezcla de tierra y agua. Deshonra o descrédito). Aparece no primeiro capitulo unha vivencia de Marco na Lagoa da Frouxeira e comeza ese lodo, que atinxe a Ana porque recibe unha nova que remove a súa vida, engadido a unha situación persoal complicada , e faille remover todo ese barro no que leva moitos anos e que necesita limpalo, sacar ese peso ante as perspectivas de futuro .
Cando comecei a escribir non se chamaba lodo tiña outros nomes por aí pero foise facendo.

A historia decidiu o titulo. Si, si. E ademais cadrou moi ben.

Cando me preguntaches que me parecía díxenche que, en primeira lectura, un pequeno poema de amor, de amor non só romántico, familiar, universal...pensándoo mellor tamén unha reflexión á maternidade. Do primeiro lodo a rescatadora é unha nai e do segundo lodo selo. Vai por aí? A historia de lodo marca a Ana, creo que é unha historia moi feminina que é o que persegue, de feito a personaxe de Marco non o chegas a coñecer de todo, fala con máis distancia. Ela é quen marca a historia.



“Lo que más me cuesta reconocer de mis recuerdos es aquella versión de mí misma. Aquel ‘yo’ de hace tanto”

A min paréceme moi valente que non mitificas a maternidade, falas da soidade que á acompaña, de como te transforma, “Tantos años despois me miro y no sé lo que veo”, “ La vida me ha domesticado”...aínda que en eidos máis feministas si se fala desta perspectiva, non se adoita ver en escritos e menos masculinos. É que unha preocupación para min era o papel de Ana, como ía ser visto polas mulleres, o que tentei con ela sempre foi a partir de conversas e amigas de confianza, cousas que escoitas e te quedan e quédanche gravadas determinadas frases que che fan pensar tamén. E ao final esta personaxe foi facéndose soa, sempre co máximo respecto porque era complicado tamén ao que se expón a protagonista, está falando desde un diario, non llo está a dicir a súa filla que é moi pequena para escoitar determinadas cousas, fala consigo mesma. E nese sentido creo que métome moito e con máximo respecto e coidado ante Ana. Pero creo que dentro de Ana hai unha muller pero tamén unha persoa, moito dela é universal, hai cousas que di que tamén pode dicir Miguel ou calquera.

É a máis soa da historia, porque el si se dirixe a filla pero ela non, só se ten a si mesma. Ten unha situación complicada. Non quixen afondar tanto no diario porque na parte do narrador xa se ven cousas da educación de Ana sobre Lara. Pero Ana interesábame desde dentro, quería que falase de si mesma. Quería que o xogo narrativo te fora colocando na historia que en varias historias dentro.

O fío está moi ben logrado, o que supós ao principio que está a pasar non é. Era un xogo, quería que a historia te fora levando aí. E o segundo xogo é o das tres voces, Marco en segunda persoa a Lara, Ana en diario primeira persoa e o narrador unha terceira persoa.

Hai partes Miguel Castro profesor e cooperante na historia? Creo que calquera libro o escritor pon cousas da súa vida, experiencias vividas e logo atadas doutro xeito para amosar esas emocións que tiven, pero en todos, en Marco, en Ana, … Aproveitei un pouco máis a Marco, a vivencia de neno na Lagoa da Frouxeira, os primeiros amores dalgún alumniño, as respostas dalgún neno a as etapas de soidade, …sobre todo as emocións. Porque a novela é breve pero intensa, é moi intimista e creo que se queres amosar unha emoción tiveches que vivila dalgunha maneira ou empatizar moito con alguén que a viviu asi, entón agarras esa emoción e atas.


Hai unha parte na que se fala de ser cooperante, e sinalas que ata axudar a alguén pode ser un privilexio. Pasoume o que conto en Honduras, e que as veces cando te pos a escribir lembras cousas ou revives situacións que a o mellor non te plantexabas igual. Incluso nunha parte que falo do medo é porque realmente plantexeime os meus medos, porque non pensara nos meus medos infantís desde hai moito tempo, non me lembraba .
E iso é clave na parte de Marco, nos somos da esquerda europea e asi vemos as cousas, é como ir a esquerda boliviana a falarlles de ateísmo, non debes, eles teñen á súa perspectiva. E iso pasa nunha vivencia de Marco. Vai cunha perspectiva europea, e non debemos xulgar, sería euro centrismo. Xulgamos moito.

Non escoitamos. Non. E xulgamos. Por exemplo, a Ana pásanlle moreas de cousas pero non me interesaba xulgala. Todo o mundo fala de todo o mundo e quen sabe que pasa en cada caso? Eu sei a miña e daquela maneira, a saber dentro de dez anos o que penso.

É un libro pequeno pero da que pensar tempo despois de lelo, para rumiar horas e días. Si e xa coñezo varias persoas, que sendo unha lectura rápida, o están a ler unha segunda vez e isto paréceme interesante. Ademais como a primeira vez o les cunha idea, dáche para unha segunda véndoo doutra.








***"La vida me ha domesticado"*, é un pouco o sentir xeral, non?** Si. Ana é contundente. Un lector dicíame "Por que tantos puntos, frase curta, para Ana?" Porque gústame que sexa contundente, porque o que di e moi táxante e claro.

E agora co segundo, non tes medo a expectativa? De momento non, ao mellor dentro dun ano si, pero dáme igual, eu xa estou contento. Creo que se sigo na mesma liña, e se publica o segundo, cando eu estea contento co texto, que é a clave, a partir de aí, estou convencido que, a quen lle guste "Lodo", vaille gustar a outra.



Como foi o salto de escribir texto social á narrativa? Custou? Eu antes de escribir poñíame con Xosé Torregrosa a facer exercicios de estilo, xogos... eu chegaba cun relato cada quince días ata que, según Xosé, rebeleime porque xa non lle aceptaba as cousas, e dixo que iso era o bo, que xa sabía o que me gustaba e quería.
Si, é un salto, pero estamos nesas porque estou aprendendo, por iso estou apaixonado coa segunda porque aprendo incluso máis.

PLATAFORMA CULTURAL FERROLTERRA

SUPERVIVENZA EN TEMPOS DE COVID

Eu xa tiña ganas de entrevistar a mulleres que fan cultura, obreiras do cultural, e ademais activistas feministas. A chegada da Covid lamentablemente muda a perspectiva das cuestións. Hai case un mes asistíamos ao peche perimetral con toque de queda de Ferrol e concellos limítrofes, o que foi un duro pau a un mundo cultural que dificilmente comezaba a saír dos efectos do confinamento. Nesas primeiras horas de expectación chegan ás nosas redes a recollida de sinaturas para unha recen nada Plataforma Cultural Ferrolterra que parte da iniciativa dunha coñecida muller e actriz da cidade, Helga Méndez.

Fotos: **Helga Méndez e Plataforma Cultural** Falamos con **Helga Méndez**

Nace unha nova plataforma cultural ante as restricións de horario, aforo e movemento. De onde parte a iniciativa? Sodes moitos os vencellados a ela? Están representados todos os sectores culturais? A iniciativa parte dunha noite na que estaba eu reflexionando na casa, vendo como estaba o panorama, toda a situación e seguindo as accións que se estaba a tomar desde o movemento internacional 'Alerta Vermella' e pensando que aquí, na zona, parecíame moi necesario que a xente que traballamos no espectáculo e nos eventos nos empezaramos a mobilizar, entón o primeiro paso foi un pouco de arroutada e enfado, creei un grupo de WhatsApp de contactos que eu teño vencellados con diversos ámbitos da cultura na comarca e, de aí, parte a iniciativa.

É unha plataforma horizontal e apartidista e nace co obxectivo de loitar polos dereitos das persoas que traballamos nas artes en vivo, espectáculos e eventos para crear unha serie de medidas urxentes e facelas chegar á Mancomunidade de concellos de Ferrolterra.

Agora mesmos vencellados á plataforma estamos ao redor de 100 persoas, representados todos os sectores culturais, principalmente persoas, empresas e tecido asociativo relacionado có sector cultural nomeadamente de espectáculos e eventos, hai xente colaborando doutras artes como as plásticas pero principalmente artes en vivo, danza, teatro, performance…e todas as empresas que a rodean, infraestruturas, palcos, son , salas, etc.

Cales son principais reivindicacións da plataforma? Pois están recollidas nun manifesto de 22 medidas que estamos a reformular porque xa nos reunimos có pleno da Mancomunidade o 9 de novembro e volvémonos xuntar agora en decembro. Fixémoslles chegar o manifesto e agora estamos un pouco reflexionando sobre estas medidas, reformulando para a posibilidade de chegar a acordos coa mancomunidade e que emprendan accións conxuntas.
As principais reivindicacións teñen que ver coa priorización do sector local na contratación, coa contratación publica, medidas de seguridade social e empresariais, de financiamento empresarial de subvencións públicas. Nós queremos transformar esas palabras de “Apoio” ou “axudas” por “ liñas de investimento” que se invista na creación local e que se apoie ao sector local a través de investir en cultura, non queremos esmolas porque a cultura tamén produce.

E logo medidas de fomento, que a mancomunidade actúe conxuntamente en apoio ao sector local e que se visualice o relanzamento de actividade escénica e musical, que se coordinen as concellerías de cultura e educación para facer programacións escolares, que se prioricen nas programacións, redes, etc. o local. Que se cree unha guía actualizada de recursos, empresas, entidades, sala, redes, festivais… Que nas liñas de contratación publica se adíen as actuacións non que se cancelen, que se executen os orzamentos de liñas de gasto previsto para este exercicio, que se paguen os contratos resoltos, que se revisen e se modifiquen as redes de exhibición adaptándose ás actuais circunstancias da pandemia, que se abonen inmediatamente as facturas de servizos prestados, que se formalicen cambios de datas no caso de adiamentos…

Esta habendo concentracións de autónomos doutros sectores, tedes en mente iniciativas de denuncia amais da recollida de sinaturas? Pois si, temos pensado facer unha concentración por cada un dos nove concellos de compoñen a Mancomunidade. A primeira foi en Ferrol, agora a segunda, o 28 de novembro, en Fene, e tense previsto facer sete máis, amais da recollida de sinaturas .
O obxectivo é chegar a acordos coa mancomunidade para facer realidade a maioría das 22 medidas recollidas no manifesto. Estivemos representantes da plataforma no pleno da Mancomunidade para facer este traslado e quedamos emprazados para o pleno de decembro para ver a posibilidade destes acordos.

Como vós afectaron as restricións? Anuláronse moitas contratacións? Que previsión tedes en axenda? Afectaron a todo o desenvolvemento de todas as artes en vivo, como sabes adiamentos, anulacións, adiamentos que remataran en anulacións porque a hora de por datas novas xa teñen as programacións feitas e non hai datas novas, algúns tipos de programación son para datas sinaladas ou conmemoracións especificas.
Nos aforos un teatro, como o Jofre cun aforo de 400 persoas, pois hoxe en día o máximo de persoas son 30… en exterior 75 persoas, isto coas últimas restricións do 4 e 9 de novembro. Cada vez restrínxese máis. As salas de pequeno formato teñen que pechar porque non reúnen as condicións tan restritivas do protocolo Covid, que ninguén nega a necesidade pero pídese a facilitación de espazos para que se poida traballar, espazos públicos e que se dean facilidades aos privados.

Algúns non cobramos traballos que xa están feitos,estamos agardando incluso poder presentar a factura e que se aproben orzamentos de traballos xa feitos e non se cobraron e levamos meses agardando. Previsión en axenda agora mesmo non hai. Porque non responden directamente. Ou se responden pois din que non hai datas que non se poden polo dito antes pero podemos observar que hai espectáculos que nun principio foron adiados e agora están saíndo adiante e outros que non .

As institucións están a responder con axudas? Saíron axudas a técnicos e artistas que agora mesmo son bastante míseras, a artistas previron axudas de ao redor de 700€ e hai que cumprir unha serie de requisitos que dada a precariedade do sector é bastante difícil chegar a eles, e axuda para os técnicos é unha verdadeira miseria , é de 400€ e durante tres meses nada máis.
Moitas delas non chegan as casas.



Tedes pensados proxectos que vós permitan seguir en activo, aínda que sexa doutro xeito? Por exemplo virtual?



E que as artes en vivo son para facerse en vivo, coa xente diante, porque os artistas que traballamos en vivo nos alimentamos da enerxía que nos transmite a xente e ofrecer un obradoiro de artes escénicas virtualmente véxoo, persoalmente, inviable. Igual me tocará facelo se isto segue igual porque por desgraza creo que algunhas medidas chegaron para quedarse. Agardemos que esta situación remate pronto e poidamos volver a relacionarnos coas persoas e poder sentir a calor do público, dos alumnos e alumnas en persoa, porque a calidade do ensino nas artes escénicas e musicais virtualmente, desfavorece a calidade. Precisase a presenza do corpo, da voz ... para poder servir como vehículo do ensino que estás a transmitir. A pel, o tacto, as emocións en vivo é esencial. Para outro tipo de ensinos artísticos ao mellor pode funcionar pero, falando entre compañeiros, non é o obxectivo que o ensino virtual das artes escénicas se quede. Como ferramenta para publicitar é unha ferramenta estupenda pero para a hora de ensinar ou dar un espectáculo, a calor do publico é esencial porque as artes en vivo son comunicación pura entre seres humanos.



Antes da pandemia, como estaba situación da cultura na cidade? Hai apoios? Ferrol sempre foi unha cidade de moito movemento cultural, outra cousa é que os distintos partidos políticos lle prestasen a atención precisa. Houbo concelleiros de cultura, ao meu entender, como Suso Basterrechea que deu un apoio moi importante á xente da cultura e precisamos máis concelleiros de cultura así na cidade. Pola escoita e polo coidado a todo o que se fai. A realidade é que a situación a nivel estatal do sector xa era precaria, o que fixo a pandemia é visibilizar aínda máis a precariedade na que xa estabamos. E puxo de releve a necesidade da creación dun Estatuto do Artista no que se contemple a intermitencia e estacionalidade da nosa profesión, non se pode considerar o desenvolvemento dos traballos dun artista cun réxime xeral, a hora de recibir subsidios ou apoios hai que contemplar esa estacionalidade e intermitencia. Hai moitas compañeiras que están ao borde dunha pobreza real e eu agora mesmo síntome, eu incluída nese grupo, ao borde da pobreza real.

Agora mesmo á creación non hai apoios, ás salas locais non hai apoios. Con outros, como con Suso (Basterrechea), había máis, agora non hai moito e cremos que a persoa que está agora no cargo de concelleiro non é a máis axeitada.

Hai demanda cultural? E Ferrol unha cidade de cultura? Si, Ferrol é cidade de cultura. Hai moito movemento de base a nivel cultural, hai un tecido asociativo enorme e moi importante desde hai moitos anos. O que cremos preciso é visibilizalo e por iso pedimos esa guía de recursos con todo ese tecido e todo o conxunto de profesionais e de empresas que estamos a traballar no sector porque nos propios concellos moitas veces non se coñece nin a xente que está traballando. E somos moitos os que estamos traballando incluso máis fóra dos nosos concellos que no propio. Para min iso é significativo, é preciso que se priorice a contratación do sector local.

Dentro da cultura e do teatro, como está a situación da muller? É máis difícil traballar e facerse un nome? Pois si, estamos dobremente invisibilizadas. Se ti ves datos do sector ves que o nivel de contratación de mulleres é inferior, os salarios son inferiores e de isto hai datos comprobables. Menos contratación de mulleres, e de mulleres nunha franxa de idade moi determinada, sobre todo entre os 20 e os 35 anos. As actrices que xa imos tendo unha idade máis madura aínda é máis difícil que nos contraten a non ser que sexas unha actriz característica, as de arquetipo, mulleres con moito volume, rostros característicos…, quedas encallada aí, cando sabemos que moitas poden traballar en calquera xénero. Si e máis difícil traballar? Si, é máis difícil facerte un nome, porque ademais da esixencia da profesionalidade, hai outra, a do físico, de estar sempre fermosas e novas. Esa dobre esixencia que a ves en medios de comunicación, en premios, eventos… cando vai un actor lle preguntan polo papel e cando vai unha muller lle preguntan de onde sacou o vestido. É unha discriminación brutal a dos medios.

Hai proxectos con perspectiva feminista? O feminismo vende? Ou é mellor non mollarse demasiado? Afortunadamente hai, na Galiza as rapazas da compañia "Panadaría", que fixeron o espectáculo sobre Elisa e Marcela.

"…eu como feminista convencida creo que si que hai que mollarse e sempre hai que dar a cara…"



Ou a miña compañía "Maquinarias Teatro", que desta vez acompañada pola actriz e cantora Eugenia Sanmartín, ten entre mans unha peza baseada en testemuñas reais de mulleres sirias refuxiadas no Pireo. E coma nós, moitas máis. Si, hai moitos proxectos con perspectiva feminista.

O feminismo vende ou é mellor non mollarse demasiado? Claro, iso é unha cuestión moi persoal. O feminismo vende? Si, porque agora mesmo é unha cuestión que esta na rúa e é unha cuestión política e moitos dos partidos políticos súmanse e apoian programacións con esta perspectiva.
Se é mellor mollarse, eu como feminista convencida creo que si que hai que mollarse e sempre hai que dar a cara, porque persoalmente eu non teño fillos pero si creo que podemos facer un mundo mellor e máis igualitario para as nenas e nenos que están a nacer agora. Hai que mollarse, aínda que iso é unha cuestión moi persoal de cada artista.

Que sexa mellor ou non, ai amiga, iso xa é outra cousa. Moitas veces non porque canto menos te mollas e máis aceptan todo pois claro, pero non se pode dicir a todo que si. Afortunadamente non somos máquinas e eu non quero ser unha máquina reprodutora de clichés. Afortunadamente teño un traballo que me gusta, que é interpretar, pero é un traballo, que se me pague, pero se través do meu traballo podo conseguir que se denuncien determinadas situación… si, hai que mollarse. E mais sendo muller .




ALERTA VERMELLA - ALERTA VERMELLA - ALERTA VERMELLA -
#FACEMOS
EVENTOS

Nove metros de liberdade, Xosé Iglesias



“ Defendendo o mar dende todos os frontes “ Paco Souto

Foto: David Trillo


Falamos con Xosé Iglesias

Xosé é unha desas personaxes que só parecen posibles nesta terra, mariñeiro ante todo, poeta logo e ademais pintor, fotógrafo, escultor en madeira, ...e aprendendo a tocar o piano.
Todos o descubrimos hai anos nun vídeo denuncia da situación do sector na súa canle de YouTube, aí atopamos un poeta que desde a súa embarcación e a toque de bucina regalabanos as súas verbas, que non rimas.
Desde entón, os que o seguimos, temos a sorte do agasallo das imaxes da mar, das madrugadas lonxe de terra, das ondas, do voo das gaivotas, da terra vista fora de se mesma... fomos có tempo descubrindo ao Xosé ilustrador e fotógrafo.
Nun dous seus últimos proxectos déixanos imaxes espectaculares e documentos culturais inéditos a bordo do seu “Cantiga de Leviatán”, levando a artistas como Xabier Diaz, Xurxo Lobato, Rodrigo Costoya, Aida Saco, Belem Tajes, Mini Rivas, Silvia Penide, etc.
“Defendendo o mar dende todos os frontes “, verbas que lle deixou o mestre Paco Souto e somos testemuñas de que Xosé recolleu o seu testemuña con forza.

Ademais das publicacións dos teus poemarios, das exposicións de fotografía e pintura e os recitais estás a levar a cabo un proxecto moi novedoso có teu barco o "Cantiga de Leviatán", levando xente da cultura á Illa Lobeira para entrevistar, recitar, cantar, etc. Este barco estaba no obradoiro do meu mecánico en Mera, practicamente abandonado, xa levaba uns anos, e recupereino. Non é un barco tradicional pero si ten espírito tradicional porque a forma é exactamente igual que un barco de madeira, o que pasa é que o casco é de poliéster. Pero a superestrutura é de madeira, ademais de todo o que lle fixen eu despois.

A matricula que ten e de sétima lista, a das embarcacións deportivas de pesca pero eu non o quería para ir a Cee a pescar as fanecas, as maragotas... non. Fíxeno por dous motivos, un porque entón non tiña nin idea de navegar a vela, facíame ilusión, entón gastei moito facéndolle o mastro, a botavara, comprando as velas nunha veleira tradicional en Vilagarcía... e o outro motivo, ter un barco para facer actos culturais, que é o que estou a facer, tanto no mar sen pisar terra como indo ata a Illa Lobeira, porque parece que ao chegar alí temos, todos e , ata agora, toda a xente que levei tivemos o mesmo sentimento, chegar alí e atopar esa paisaxe, esa beleza que non agardabas para nada. E gústame ese momento, é o apropiado para que a xente fale, exprese todo o que sinte.

É algo distingo, digamos que non hai moitos barcos que se adiquen a facer isto nin moitos patróns que leven á xente a facer un entrevista a unha illa ,incluso a tocar o piano como levei a Aida Saco.


Foto: Xosé Iglesias

"Merquei nove metros de liberdade,
a cambio de ser un escravo do mar.
Hipotequei o meu destino ao vento,
a calma, as ondas, a maraxe..."


E como levaches o piano? Con moito coidado que era o meu hahaha! Unha peripecia, porque non é doado, funciona con pilas e aguanta 3 ou 4 horas, pero non ten altofalantes, tiven que buscar un músico que me alugara un de 12 voltios, pero claro, traía unha batería que era unha maleta, unha pasada. Pero saíu todo ben, o piano chegou a terra ben, non se mollou. Un día fantástico.

Da xente que levaches cal te emocionou máis?

Todas, todas, porque a xente que levo e xente que admiro ,e non admiro a un máis que a outro. Comecei con Mini Rivas, foi o primeiro personaxe en traer o seu instrumento, a guitarra, que tocou alí no outeiro da Mirando onde eu lle chamo o "altar", E alí tocou e foi o pistoletazo de saída do proxecto. Pero ben, levei xente moi interesante, como Aida Saco que fixo alí un concerto de piano tremendo, a Silvia Penide, varios escritores, este ano tiven a sorte de que veu o Anxo Angueira coa súa dorna e por fin fun quen de volver a ver na Illa lobeira esas velas que tiñan a lachas xeiteiras, foi un espectáculo ,me está a dar este proxecto unhas satisfaccións persoais tremendas .

E tamén coñecemento porque levo xente que non está directamente relacionada coa cultura pero si forma parte da cultura popular , a do pobo como pode ser Victorio que traballou vinte e seis anos nun baleiro, o señor Maño do Pindo e contounos a súa experiencia aos seus 85 anos como e navegar nunha lancha xeiteira ...unha experiencia fantástica.

A quen abraiou máis a illa? A todos. Unha das ultimas persoas que levei foi Xabier Díaz, o músico, e a el leveino a Lobeira grande e tamén a Pequena e flipou. Estaba por estrear o seu disco " Illas de sal" e gravou en Carnota , e cando estaba alí miraba sempre estas illas e atoparse alí e ver a paisaxe a inversa , ver o Monte Pindo o faro de Fisterra...a perspectiva é outra. Pero eu creo que todos, todos quedaron alucinados coa esa beleza. Agora ademais do Covid, estamos en inverno , pero cando nos desconfine se un sábado vexo que esta a cousa moi, moi calma ...pois teño moitas entrevistas pendentes e quedaron adiados. Ademais que é bo para a mesma embarcación polo motor darlle una arrancada.


Foto: Xosé Iglesias

Saltas a fama por un vídeo na túa canle denunciando a situación pesqueira de Galiza, xa coñecías a Paco Souto o teu primeiro editor con "Transfusión oceánica" . Coñecino cando estaba a construír o poemario, nunha viaxe a Bruxelas que nos levaba o BNG a varios mariñeiros, pescadores, percebeiros ... (que el era percebeiro) a contarlle á comisaria o mal que o estabamos a pasar. Foi por ala que nos comezaron a meter dentro dos tags á flota pesqueira galega de baixura, que foi un impacto tremendo porque as cotas son repartidas do mesmo xeito que as frotas industriais, que son os que loitan por levar todo o peixe e conséguено e a nós, nos quedan res ou catro ridículos aínda que sexamos os que mais coidamos do mar.

E nun voo recitoume os seus poemas, a 10.000 quilómetros de altura, e deixoume engaiolado. A partir de aí comezamos a forxar unha relación e díxome que cando tivera o poemario o editaba en Caldeirón, aínda que Caldeirón só publicaba cousas relacionadas có "Premio Erótico das Illas Sisargas", pero que facía unha excepción.

E saíu moi ben, a primeira edición vendeuse rapidamente, chegou a ser finalista da Gala dos Libros Galegos. Moi contentos.

E o moito que aprendín del, porque ao publicarme, as presentacións íamos xuntos e, ao acabar de recitar, dábame consellos. Foi unha das mellores persoas que coñecín nestes últimos anos, non hai un so día que non estea no meu pensamento.

Antes de coñecelo xa pensabas en editar ou non? Eu sabía que era un poemario que estaba a gustar e que dun xeito ou outro íase publicar, pero ben, tiven esta sorte e xa non tiven que buscar como.

Claro, porque la auto edición é complicada pero moito mais en galego e poesía. Si a verdade, a poesía é, de todas as artes, a máis pobre. E, sen embargo, hai moita xente, que sen pensalo moito, e quizais de xeito innato, recorre moitas veces a versos. Eu que sei, diche "Es mariñeiro? Vento en popa a toda vela…" pero doutra arte non pasa, ninguén te solta se es pintor "As Meninas de Velazquez". Será a máis pobre pero é a que máis chega.

"Se na poesía non podes ser libre de escribir a palabra que ti queiras, eu isto non o quero"

Quizais a xente merca máis novela, como que a poesía está pero non parece que sexa para mercar e ler. Eu penso que non a coñecen pero a clásica si, porque nos machacan no Instituto e fixeron dano, eu acabei farto de sonetos, de Gongora, de Quevedo…

Non sei agora pero de poetas máis actuais como Manolo Rivas non se falaba nada, e ademais mandábanche analizar todo o poema, en tódolos versos algo había… e xa che mataban. Aí penso que se colle manía á poesía.

No 2014 “Transfusión oceánica”, no 2016 a “Relixión do Mar” e gañaches un premio con este poemario. A “Relixión do Mar” é un poemario máis traballado. En “Transfusión Oceánica” hai moitos poemas que, aínda que eu non defendo os poemas con rima, si que hai moitos nel porque eu estaba moi influenciado polos primeiros poetas que me atopei e os seus consellos. É un poemario mais clásico.

Pero un día estaba escribir e estaba a buscar unha rima e non me saía e, de repente, prendeu a luz, eu que estou a facer se isto non me gusta nada. Se na poesía non podes ser libre de escribir a palabra que ti queiras, eu isto non o quero. Asi que na “Relixión do Mar” non hai nin rima asonante, prefiro escribir así, dame máis liberdade.

Aínda hai pouco que fixemos unha reedición, en Caldeirón, que é unha pasada, moi boas criticas, moi positivo, estou moi orgullosos de ese poemario. Está moi traballado, foron dous anos, de ir a moitos estaleiros, coñecer moitas palabras de construción naval e carpinteiros de Ribeira e, a verdade, que satisfacción absoluta.


Foto: Xosé Iglesias

E o seguinte proxecto? Aí está, teño ganas de que saia o ano que ben con “Caldeirón” pero como sae o “Libro das Metamorfoses “, coas miñas ilustracións é mellor agardar un pouco máis por no saturar. Tamén teño outro proxecto de ilustracións dos faros da Costa da Morte con poemas .

O confinamento, que cada vez que teño o barco amarrado póñome a traballar e é algo continuo. Pero mellor así.

“O Libro das Metamorfoses” é so ilustración. Leva en texto a historia do barcos, porque está pensando para ser unha homenaxe didáctica, son barcos que xa non hai, que deixaron pegada nos seus pobos cando estaban vivos, porque os barcos son seres vivos tamén. Ten un pequeno texto poético ao principio, unha lámina, que é o barco có que foi Manolo Rivas á Fosa Atlántica e levara un poema manuscrito que lle adicou a Anxel Vila, o patrón do Xurelo.

Como comezaches a pintar? Desde que subo os debuxos as redes hai quen me envía os meus debuxos adicados de pequeno, pintaba moitísimo. Hai dous anos retomei por un agasallo especial e non parei, teño moitos encargos, algúns verdadeiros retos. Non só das pinturas, das tallas tamén.

E como se te ocorreu pintar metamorfoses de balea a barcos , ou de barco a balea? Porque unha balea ou un barco, o que é a obra viva, o que está debaixo da auga é exactamente igual e é moi sinxelo de ver.

Ti estiveches no Gran Sol e moitos dos teus poemas son do tempo, empezaches a escribir por iso? Xa escribía no bacharelato e gañado algún premio, e sempre sentín unha necesidade de expresar todo este mundo a través da poesía pero sempre fun unha persoa solitaria e dentro deste illamento non sabía destes mundo de fóra ata que me atopei con Xurxo Souto que foi o que me abriu este camiño , fixérame unhas preguntas sobre un libro que el estaba a escribir e lle comentei das ganas de escribir e animoume. Envieille un poema e aos dez minutos chamoume , que era un dos poemas moi bonitos que lera na súa vida e aí foi onde saltou a chispa.
Xa logo ao coñecer a Paco Souto , el sempre me dixo "que o mar había que defendelo desde todo os frontes" , e que través da poesía era tan potente como se na realidade foramos con metralletas, Asi metinme en serio,"Transfusión Oceanica" saíu ben pero quedaban cousas, tiña ilusión de construír un barco a través de poemas ,que foi o que fixen e saíu.

Hai moitos traballadores do mar como poetas , non ? Paco Souto, Teresa Ramírez... cunha poesía reivindicativa do propio. Nos dous poemarios hai poemas moi, moi reivindicativos. E que reflexa o que está a pasar, a aniquilación total do sector por parte da consellería do mar, porque que fan polo sector ? Afundirnos.


Foto: Xosé Iglesias


Foto: Xosé Iglesias


Foto: Xosé Iglesias

Pero poetas mariñeiros non hai moitos aínda que ten sentido, a nosa é unha profesión totalmente vencellada a natureza e a súa beleza en todos os sentidos .

Hai un momento moi superficial agora na arte, moi fast food? Arte pouco reflexiva?
Este pais desgraciadamente sabes que non somos analfabetos pero no tema cultural a maioría da xente non aposta por elo, non sabe, descoñece, e hai persoas que fan unha poesía moi sinxela e fácil de entender e quizais a xente está afeita a unha cultura de todo feito, do fútbol, do Sálvame… é unha poesía que lle chega, versos que entendes perfectamente. Pero iso non me vai.

Claro por que ler tres versos de Eva Veiga varias veces na vida e que sigan dándote que pensar, pouca xente xa. Pero me estas a falar dunha enciclopedia poética, que temos aí que é unha marabilla e que cada vez que fala, falan os deuses.

Pero non é coñecida fora dos lectores máis poéticos e os poetas. Non valoramos o propio e menos na nosa lingua? Non por que os teñen durmidos, coa televisión, programas de cotilleo, fútbol… e logo son os nosos temas de conversa… a xente non aproveita o tempo para facer cousas de máis interese. E unha atmosfera tóxica.

Abordamos o ronsel da noite
A faciana oculta que vén polo leste
As sombras das baleas noctámbulas
Ningunha carta marca no papel o vento de proa
Os nós estrangulan o fío dos coitelos
Nas amuras o ar é a alquimia
nos dedos da isóbara
Os mamíferos resoplan no costado
o vapor dos pulmóns
No teito colgan dos brazos
do universo os candís.
Verde estribor vermella babor
ningún paxaro gralla o rumbo
do cardume na vía láctea


Foto: Eduardo Rivó

O RíO SECUESTRADO

Colectivo Terra Fotos: Sonia Mauriz e Jose A. Maroño



“Galiza foi sempre a ubre, unha terra muxida día e noite para que outros lonxe da nosa vista desfruten do seu leite. Contaminaron o ar e agora a seca amosa o que xa era evidente, que o encoro do Eume é unha balsa de lodos industriais en pleno Parque Natural. Unha bomba tóxica que de estoupar deixará marcada a comarca durante xeracións. Tal é así, que un documento da propia eléctrica xa destacaba que "as probas de desaugue provocarán efectos negativos entre moderados e severos sobre a auga, a paisaxe, os usos recreativos e a pesca fluvial"

Desde as alturas podes observar unha lingua de auga que baixa da Serra do Xistral até adentrarse no Parque Natural das Fragas do Eume. No corazón deste lugar, fuxindo dos sendeiros turísticos que levan ao popular mosteiro de Caaveiro, podes dirixir os teus pasos cara a sombra dun bosque que só algúns coñecen. Avanzarás río arriba coa compaña omnipresente do ruído da auga, que serpentea a comarca unhas veces manso e outras embravecido. Como cando no momento da creación descubriu que seus irmáns o traizoaran. Furioso arou fondas gargantas nas montañas para chegar antes ca eles ao mar. Unha caótica carreira que conta a lenda local. É xusto aí, onde o río se encolerizou, que agora non hai caudal. No máis abrupto do canón do río Eume. Algúns din que foi secuestrado.

A poucos metros da central hidroeléctrica atópaste coa nada. Río arriba só hai grandes rochas núas que conforman un ermo desolado. No fondo do canón flúe a pouca auga chega desde a escorrentía polas empinadas faldas da montaña. É un treito de 3'4 quilómetros onde o suposto progreso impón a súa paisaxe. Un lugar onde non hay apenas leito até que de súpeto atopas unha mole de formigón de 103 metros de alto e 284 de ancho. A súa presenza intimida e ensombrece absolutamente todo. É o encoro do río Eume, que baña os concellos coruñeses de As Pontes, Monfero e A Capela.



Estas protestas conseguiron que a Fiscalía de Medio Ambiente de Galiza denunciara no ano 2010 a Endesa e Endesa Generación por ter provocado "a perda do ecosistema acuático" do río Eume e por non ter garantido o caudal ecolóxico do mesmo. Segundo o escrito do fiscal Álvato García Ortiz, o mesmo que levou o caso do Prestige, "non temos constancia de que soltaran caudal ecolóxico ao longo destes 50 anos de existencia". Endesa viuse obrigada a presentar un proxecto para liberar o debido caudal nese treito do río. E así tivo que facelo. desde hai anos varias organizacións ecoloxistas, pescadores e centros sociais, vimos protestando contra o que consideramos un atentado ecolóxico por parte de Endesa, propietaria da central hidroeléctrica que explota o Eume e tamén da central térmica que a empresa explota varios quilómetros río arriba.

Pero os problemas deste maltratado río non ficaron aí. Malia a paralización da extracción de carbón na zona e o inminente peche da central térmica, aínda hai unha ferida aberta que non foi calibrada. Adega denunciaba cunha impactante imaxe o estado no que se atopa a zona do encoro. Afirman que "a baixada do caudal nas últimas semanas do verán sacou á luz novos cadáveres ambientais dunha explotación, a mina e a central térmica de As Pontes, que Endesa xestionou coma o seu cortizo particular durante décadas coa comenencia das Administracións". Para pór solución a esta problemática esixen á Xunta que inicie o "procedemento de caducidade da concesión franquista do encoro e libere ao Eume dun parasito que leva chuchándolle o sangue e contaminándoo durante medio século".

O certo é que cando un chega ao que agora é a cola do encoro dáse conta das dimensións que acadou a contaminación. É a típica estampa fantasmagórica dun pantano seco, coas árbores desposuídas de toda vida que seguen en pé malia permanecer mergulladas durante décadas. O que debería ser auga embalsada é agora un torrente gris escuro cun calado de escasos centímetros. Deambula arrincando ao seu paso a lama acumulada no fondo e transportando eses refugallos cara a boca do encoro, onde todas sabiamos que unha apertura das comportas podería ser catastrófica. Suporía que todo este material tóxico marchase polo río abaixo cara a ría de Ares, onde moitas familias viven da pesca e do marisqueo



O certo é que cando un chega ao que agora é a cola do encoro dáse conta das dimensións que acadou a contaminación. É a típica estampa fantasmagórica dun pantano seco, coas árbores desposuídas de toda vida que seguen en pé malia permanecer mergulladas durante décadas. O que debería ser auga embalsada é agora un torrente gris escuro cun calado de escasos centímetros. Deambula arrincando ao seu paso a lama acumulada no fondo e transportando eses refugallos cara a boca do encoro, onde todas sabiamos que unha apertura das comportas podería ser catastrófica. Suporía que todo este material tóxico marchase polo río abaixo cara a ría de Ares, onde moitas familias viven da pesca e do marisqueo.




Hai restos de lignito que se desfán só de miralos, torrentes da cor do óxido e cinza. Moita cinza. Sedimentos nos que quedou impresa unha memoria estatigráfica de podredoiro. E sucedeu o inevitábel. Como espectadoras impasíbeis observamos como polas comportas abertas por orde xudicial comezou a saír esa lama, que foi tinguindo o río conforme avanzaba cara o mar, nunha riada tóxica que asolagou a todas as criaturas que habitan baixo as súas augas.

E na bisbarra asomámonos ao abismo. Unha situación de incerteza por culpa da continuada contaminación ao río por parte de Endesa coa complicidade dunha Administración preocupada máis polas portas xiratorias que por atopar solución ao problema e, que supón, a constatación do que moitas levamos anos denunciando. Os ríos desta terra foron sempre vítimas dun espolio enerxético, onde multinacionais fan negocios millonarios que cando rematan marchan deixando as súas miserias neste país saqueado. Galiza foi sempre a ubre, unha terra muxida día e noite para que outros lonxe da nosa vista desfruten do seu leite. Contaminaron o ar e agora a seca amosa o que xa era evidente, que o encoro do Eume é unha balsa de lodos industriais en pleno Parque Natural. Umha bomba tóxica que de estoupar deixará marcada a comarca durante xeracións. Tal é así, que un documento da propia eléctrica xa destacaba que "as probas de desaugue provocarán efectos negativos entre moderados e severos sobre a auga, a paisaxe, os usos recreativos e a pesca fluvial".

É o tempo da toma de conciencia ou de seguir mirando para outro lado. Xa hai moitas voces convertidas nos nutrientes desta gran rede de raíces que se está tecendo por toda Galiza. En cada bisbarra podemos asistir a unha aberración contra natura.

Na comarca do Eume hai un río secuestrado.



FERROL A TRAVES DOS OLLOS DE TORRENTE BALLESTER

ROTEIRO URBANO LITERARIO

"LA BODA DE CHON RECALDE"







4



5



6



7




8



9



10



11



12



13



14



Roteiro urbano literario : Ferrol a través dos ollos de Torrente Ballester

por **Judit Gómez Fernández**

A novela de Gonzalo Torrente Ballester, La boda de Chon Recalde, é unha obra curta que introduce ó lector na cidade de Ferrol, a través das situacións vividas polas súas personaxes, ata o punto de que a propia cidade transfomase nunha personaxe inanimada que representa a forma de pensar dos seus habitantes. Ambientada na época dos primeiros anos da posguerra, no tempo no que o autor estivo vivindo no barrio da Magdalena e que tiveron a maior influencia na súa formación como escritor. Parece que busca a autocrítica por parte dos cidadáns de Ferrol, resaltando as peculiaridades que fan única a personalidade da cidade e dos seus habitantes. Ferrol é o mesmo tempo a Armada e o Estaleiro, xente de clase alta e baixa, e as rúas pegadas xa marcan esa diferencia de clase.

Esta característica da novela da pé a pensar nunha ruta literaria pola cidade de Ferrol a partir da obra, resaltando, máis que o valor histórico dos lugares ese carácter das xentes que a habitan. Torrente Ballester, é capaz de transmitir na súa obra o carácter das xentes.

Tras varias lecturas, que permitiron recoller as localizacións mais os puntos máis interesantes da novela, buscouse bibliografía e sobre rutas relacionadas co autor . E tamén recolléronse testemuños de Germán Castro Tome e José Antonio Ponte Far, que permitiron ver a novela dende unha nova perspectiva.

A historia é a de Cristina e Chón Recalde, tralo fusilamento do pai, un capitán de navío republicano fusilado. Elas volven a cidade dos seus antergos Villareal de la Mar coa intención de facer unha vida digna, para iso teñen que adaptarse e sobrevivir as convencións sociais, que só aceptan como única opción valida para garantir a independencia dunha muller o matrimonio.

As personaxes, presentan varios estereotipos, que se poden ir atopando e identificando na cidade e poden servir de liña espacial ao roteiro.

Os membros da familia Recalde e os achegados, están un pouco fóra de lugar, ben pola educación, ben polas circunstancias da vida, ben porque están "anticuados", posiblemente a que máis se axuste á sociedade sexa a propia Chon.

Cristina Recalde é unha dama de clase media alta que ten un nivel de formación que non é aconsellado para a súa categoría social, é unha muller moderna con intereses culturais, sociais e políticos que sabe defenderse soa na vida. Non a entenden (1), a pesar de que procura non chamar demasiado a atención, as súas aspiracións son fuxir do país a un "máis moderno". Considera que nunca vai atopar marido por ser como é.

Chon ten a formación xusta para as mulleres da súa clase, está destinada ó matrimonio e asume ese papel. É inocente, alegre (2), e aloucada. Sen embargo, ten altos valores morais e é práctica e honesta (3). Ten como aspiracións casar e vivir en consonancia coa sociedade .

Chon e Pauliña representan dous tipos de muller ferrolá, da mesma clase social e distinta forma de percibir o mundo, e o mesmo tempo, tamén representan dous barrios. Chon é Ferrol Vello, mentres que Pauliña e o Barrio da Magdalena. Torrente escolle as localizacións , mesturandoas coa súa propia vida. Son os seus lugares importantes. En cada un deses lugares o autor deixou a súa pegada, e o mesmo tempo descríbeos axustados a realidade.

A familia Seoane representa as familias burguesas. Son xente sinxela con unha educación humilde que conseguiu mellorar en base o esforzo e o traballo. Os pais, " novos ricos" non logran adaptarse ó entramado social xa estabelecido. Os fillos José María e Elvira, con outro nivel de educación e formación intentan integrarse no mundo vetado aos seus pais. El entra na mariña e logra ascender a Teniente de Navío. Elvira, é unha moza similar en aspiracións e carácter a Cristina, polo que tamén a fan inadaptada na sociedade á que pertence, Como Cristina intentará escapar a un mundo no que a acepten mellor

---

(1) "Cuando usted pasa, la miran, la respetan y no la entienden". Véase Torrente Ballester, Gonzalo (1997), p.144.

(2) "a su alegría llamaba su hermana insensatez", Torrente Ballester, Gonzalo (1997), p.35.

(3) "Eso quiere decir que no le importa lo que digan de ella, o porque no es cierto o porque lo ha superado." P. 167

“la cosa es quitarse de en medio, no querer ser como las otras porque sabe más que ellas y eso ya no tiene remedio” (4).

A familia de Dona Paulita e Pepe Suárez, representan a “clase alta” da cidade ou os membros da mariña. Dona Paulita é viúva dun héroe de guerra moi pagada de sí mesma, o que a fai sentir por riba do resto , O seu maior interese é casar as fillas, cunha persona do seu estatus social para o que tratará de usar toda clase de artimañas. Pauliña, é a sua filla, moza casadeira, frivola e moi influida polas aspiracións de Dona Paulita,

O señor Maquieira e Dona Magré representan a clase obreira ou profesional. Xente sinxela de trato agradable. O señor Maquieira traballa nos asteleiros e tamén da clases de inglés nunha academia, e bonachón, sarcástico e agradable. Dona Magré, a directora da academia intenta sobrevivir e formar parte dunha clase social máis elevada resaltando que non é española.

As localizacións da novela e posibles ideas para unha ruta literaria:

Zona 1. Ferrol Vello

Neste barrio xuntasen o máis alto e baixo da escala social ferrolá. Mesturadas coa clase obreira, había unhas cantas vivendas da Armada e unha zona de chales alonxadas da vida social do barrio a nivel comercial e parroquial. Había tamén vivendas dos obreiros que construían o porto, bastante diferenciadas en calidade urbanística e da zona dos funcionarios da administración (5). Nel atopábanse situadas as vivendas da Tía Rosa (Punto 1. Foto exemplo deste tipo de vienda o número 34 da Rúa San Francisco) e o comercio de Regino Sanz (Punto 3. Foto exemplo o comercio Santos) e, por susposto, a igrexa da Nosa Señora do Socorro (Punto 2 e 4). Separando o barrio de Ferrol Vello e o da Magdalena, tanto na realidade como de forma simbólica atópase a Igrexa Castrense de San Francisco. (Punto 5)

---

(4) Véase Torrente Ballester, Gonzalo (1997), p.166

(5) García ***Cendán****, B. (1999). Ferrol, estrutura e identidade. Unhas reflexións. En Gondar Portasany, Marcial (Coord.) Galicia fai dous mil anos: o feito diferencial galego. na Antropoloxía, vol I. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego pp. 291-312*

A vivenda da Tía Rosa era unha vivenda tradicional ferrolá, con dúas plantas e un baixo. A segunda planta era dos pais de Cristina e de Chon. O baixo estaba alugado.

"Desde luego el segundo piso es de mi hermano, y el bajo es de los dos. La mitad de lo que renta se lo mandaba una vez al año para que fuera algo"

O comercio de Regino Sanz, unha tenda de Efectos Navais, sitúase tamén na Rúa San Francisco, máis preto do peirao, nun edificio grande onde o rótulo abarcaba toda a fachada . A súa oficina estaba situada nunha especie de ponte por riba dos mostradores.

Al llegar al portal abrió el paraguas y echó a andar calle abajo, pisando aquí y allá de tal manera que el agua no la salpicase. Se detuvo ante un edificio grande, cuyo rótulo que abarcaba toda la fachada "EFECTOS NAVALES" "Arriba de la tienda en aquello que parecía un puente de barco[…]

A igrexa da Nosa Señora do Socorro é a igrexa parroquial do barrio, para Chon ten relevancia porque é onde canta no coro, e onde a súa tía coida do altar e vai rezar. Finalmente será onde case con Regino Sanz.

"De manera que Regino se encontró con que le faltaba la madrina para la boda, que él mismo había señalado para la Pascua Florida, en la parroquia dónde el tenía voz y voto […] Tampoco Chon tenía gran interés en que la boda se celebrase allí. La tía Rosa había atendido más a la parroquia y por algo era".

A Igrexa Castrense de San Francisco é a igrexa por excelencia das vodas da Armada e por rango social é a que lle corresponde para casar a Chon Recalde, aínda que finalmente non casará alí. Si que se celebra neste templo a voda de Pepe e Pauliña.

"*la tía Rosa, como hija que era de un almirante, tenía todos los derechos en la iglesia castrense y alguno más…";" no en la iglesia castrense dónde a pesar de haber estado bautizado allí, no era nadie ni nadie le hacía caso"*

Zona 2. Barrio da Magdalena.

Do século XVIII foi pensado seguindo a corrente racionalista con forma de cuadrícula e sítuase no centro urbán. En principio estaba destinado ás funcións comerciais e servizos de todo o centro urbán e por iso se aceptaron todo tipo de familias, aínda que a medida que se modificaron os edificios, fóronse instalando familias dun alto nivel económico. Neste barrio, na Rúa Real (8) vive o almirante Etcheberri, e tamén a familia Seoane. E tamén onde se atópa o Casino (11), o Teatro Xofre (12) e a Rúa Real, onde alterna a sociedade é onde se situa a Capitanía de Marina (6) e a Praza de Marqués de Amboaxe (7).

Na rúa Magdalena, 139 sitúase un ultramarinos como o da familia de Elvira e Xosé María Seoane. O Rápido (9-10) que está ubicado nun edificio do S. XVIII e leva funcionando dende o S.XIX ata a actualidade, podería servir de exemplo. Tamén neste barrio son as casas de Dona Paulita na Rúa Real e de don Braulio Etcheberría.

"Cristina busco el número de la calle Real y subió, escalón tras escalón, hasta el segundo piso. La puerta estaba muy barnizada y en un tarjetón se leía: Paula Hernández viuda de López"

"vivía solo en un segundo piso de la calle Magdalena"

Resulta moi interesante o traxecto que fai Cristina dende a Rúa de San Francisco ata Bazán, xa que recorre distintos puntos da cidade e o mesmo tempo distintas perspectivas sociais. Cristina sube pola a rúa de San Francisco ata a Igrexa Castrense de San Francisco e a Igrexa da Orde Tercera, pasa por díante de Capitanía e continúa pola rúa Real ata a Praza de Amboaxe, continua pola mesma rúa ata chegar á Rúa Concepción Arenal baixa ata a porta do Dique (13), por onde entra a traballar no Rancho Grande en Bazán. Alí é outra vida.

"Cristina salió y echo calle arriba. Al pasar por la iglesia de la Tercera Orden, una muchacha de buen ver que esperaba a la puerta se emparejó con ella [...] Habían rebasado un grupo de casas e iban frente a la de capitanía[...] y las miró hasta que se perdieron por la calle Real[...]Habían rebasado la plaza. Quedaban detrás las palmeras, derramando el agua de la lluvia por sus hojas enormes. Cristina hizo ademán de bajar por la calle de la derecha. Nenina la detuvo. Todavía no. Bajando por ahí darías de narices con el mercado; tu puerta está más allá, bastante más allá. Tienes que dejar atrás la del parque y la Escuela de Maquinistas. La tuya es la inmediata. Donde te esperan está bastante lejos de la puerta. Tienes que caminar un poco por el lado del dique, que ahora está seco y allí está tu oficina."

Son relevantes os puntos de ocio das mozas de boa sociedade ferrolá, iban de paseo en inverno pola rúa Real (8) e polo verán polo Cantón de Molíns (14). Tamén ían ao teatro (12) e reuníanse no Casino (11).

"... con salida a tiempo de llegar al principio del paseo, fuese este en la calle Real, como era durante el invierno, o en los Cantones, como era durante el verano".

"El teatro estaba casi vacío y a oscuras, de las primeras filas de butacas habían retirado las cubiertas y allí estabga doña paulita rodeada de papeles y muy poca gente más. En el escenario, levemente iluminado, había un piano sin pianista, bien ala esquina, de modo que el escenario entero quedaba vacío para las evoluciones de quién fuera."

"... los ventanales del casino, vacíos, se llenaron de cuerpos bien trajeados y cabezas curiosas"

Torrente Ballester, Gonzalo (1997). La boda de Chon Recalde: Una novela casi rosa. Barcelona, Planeta

Entrevista 30 de marzo de 2016, con J.A. Ponte Far y Germán Castro Tomé.

García Cendán, B. (1999). Ferrol, estructura e identidade. Unhas reflexións. En Gondar Portasany, Marcial (Coord.) Galicia fai dous mil anos: o feito diferencial galego. na Antropoloxía, vol I, pp. 291-312. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego

Ponte Far, J. A. (2014) Las ciudades de Torrente Ballester: con guía bio-bibliográfica y seis estudios sobre el escritor y su obra. A Coruña, Diputación Provincial

Ponte Far, J. A. (1994) Galicia en la obra narrativa de Torrente Ballester. A Coruña, Tambre Crítica y Concello de Ferrol

Ocampo Vigo, Mª. E. y Ponte Far, J. A. (1994) Gonzalo Torrente Ballester y su obra: Guía Didáctica. A Coruña, Concello de Ferrol

Faite do Ateneo

ASÓCIATE



Foto: Xoán Porto


FERROL


Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura